

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE ECONOMÍA E COMPETITIVIDADE

- 10637** *Real decreto 878/2015, do 2 de outubro, sobre compensación, liquidación e rexistro de valores negociables representados mediante anotacións en conta, sobre o réxime xurídico dos depositarios centrais de valores e das entidades de contrapartida central e sobre requisitos de transparencia dos emisores de valores admitidos a negociación nun mercado secundario oficial.*

I

O bo funcionamento do sistema de compensación, liquidación e rexistro de valores resulta un elemento fundamental para todo sistema financeiro. En efecto, na denominada fase de poscontratación intervén unha serie de axentes e infraestruturas que aseguran a correcta realización das operacións sobre instrumentos financeiros.

A procura dunha mellor eficiencia e unha maior estabilidade na poscontratación levou a Unión Europea a elaborar unha serie de normas ao respecto, como son o Regulamento (UE) n.º 648/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 4 de xullo de 2012, relativo aos derivados extrabolsistas, ás entidades de contrapartida central e aos rexistros de operacións (coñecido como Regulamento EMIR) e o Regulamento (UE) n.º 909/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de xullo de 2014, sobre a mellora da liquidación de valores na Unión Europea e os depositarios centrais de valores e polo que se modifican as directivas 98/26/CE e 2014/65/UE e o Regulamento (UE) n.º 236/2012. Por outro lado, o Eurosistema vén impulsando o proxecto TARGET2-Securities para crear unha plataforma paneuropea que leve a cabo a liquidación de operacións sobre valores, que comezará o seu funcionamento este mesmo ano. Todo isto redundará na consecución dun verdadeiro mercado único de servizos financeiros de poscontratación na Unión Europea, o que repercutirá positivamente no sistema financeiro en xeral.

No ámbito nacional, identificouse a necesidade de reformar o sistema de compensación, liquidación e rexistro de valores español para adaptarse ao novo contexto europeo que, pouco a pouco, foi tomando forma. Neste sentido, a Lei 32/2011, do 4 de outubro, pola que se modifica a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, supuxo o inicio do dito proceso de reforma, que se completou coa disposición derradeira primeira da Lei 11/2015, do 18 de xuño, de recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento.

Como se estableceu en 2011, a reforma do sistema de compensación, liquidación e rexistro de valores descansa sobre tres eixes fundamentais: 1) a intervención dunha entidade de contrapartida central nas operacións de carácter multilateral dos mercados secundarios oficiais e dos sistemas multilaterais de negociación, que permitirá unha liquidación por saldos netos; 2) a eliminación do principio de aseguramento na entrega grazas á xestión do risco de contrapartida que realizará a figura da entidade de contrapartida central; e 3) a eliminación do actual sistema de rexistro de valores de renda variable baseado en referencias de rexistro, para pasar a un sistema baseado en saldos de valores, como xa ocorre no sistema de rexistro de valores de renda fixa.

Procede agora desenvolver e concretar os elementos sobre os cales se asenta o novo sistema, para avanzar así na equiparación do noso sistema de compensación, liquidación e rexistro de valores aos procedementos máis utilizados polos mercados da nosa contorna, favorecendo unha redución de custos de funcionamento e mellorando a posición competitiva dos nosos mercados, entidades e infraestruturas.

II

O título I do real decreto ocúpase, no capítulo I, da representación de valores negociables por medio de anotacións en conta e mantén, en esencia, o mesmo réxime xurídico de anotacións en conta vixente que estableceu o Real decreto 116/1992, do 14 de febreiro, sobre representación de valores por medio de anotacións en conta e compensación e liquidación de operacións bolsistas. As modificacións desta parte responden á necesidade de desenvolver os axustes que a disposición derradeira primeira da Lei 11/2015, do 18 de xuño, introduciu nos artigos 5 e 6 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, tanto en relación coa reversibilidade da representación de valores mediante anotacións en conta como os requisitos que debe cumprir o documento da emisión.

En segundo lugar, e aínda dentro do capítulo I deste título I, foi necesario concretar, en relación coa expedición dos certificados de lexitimación, a inmovilización rexistral dos valores e a inscrición das transmisións, entre outras cuestións, os casos en que actúan as entidades participantes ou o depositario central de valores segundo o tipo de conta en que estean rexistrados os valores afectados.

O capítulo II do título I desenvolve as modificacións dos artigos 7 e 7 bis da Lei 24/1988, do 28 de xullo, que clarifican a estrutura e o funcionamento do sistema español de rexistro de valores. Este artículase en dous niveis, que conforman o chamado sistema de dobre chanzo. O primeiro chanzo encóntrase nun rexistro central xestionado polo depositario central de valores mentres que o segundo chanzo está composto polos chamados rexistros de detalle que xestionan as entidades participantes no dito depositario.

Tamén se detallan os tipos de contas que poden ter as entidades participantes no depositario central de valores. Cómpre mencionar as especialidades que as infraestruturas que interveñen na negociación, compensación e liquidación de valores poidan establecer en relación cos procedementos operativos aplicables ás contas que poidan utilizar determinadas entidades financeiras, co obxecto de lles permitir contar con prazos lixeiramente máis amplos que os xerais para a identificación dos clientes por conta dos cales está operando. É de suma importancia deixar claro que estes procedementos especiais, que deberán estar regulados no regulamento interno e demais normas internas das infraestruturas, só se poderán aplicar cando a prestación do servizo de investimento asociado á dita conta se realice exclusivamente para clientes profesionais. Os depositarios centrais de valores velarán polo cumprimento deste requisito controlando que as anotacións resultantes da liquidación deste tipo de operacións nas contas do rexistro central ou de detalle se practican a favor de investidores profesionais.

Adicionalmente, prevense os mecanismos de control necesarios para consolidar o cambio dun sistema baseado nas chamadas referencias de rexistro a un sistema baseado en saldos de valores, co control dos rexistros de detalle e o control de saldos do sistema.

O capítulo III completa o título I do real decreto coas regras aplicables ao rexistro contable de valores non admitidos a negociación en mercados secundarios oficiais nin en sistemas multilaterais de negociación.

O título II aborda as cuestións relativas á liquidación de valores e ao réxime xurídico das infraestruturas de mercados, a saber, entidades de contrapartida central e depositarios centrais de valores. Polo que se refire aos depositarios centrais de valores, no capítulo I conséntase a aplicación do Regulamento (UE) n.º 909/2014, do 23 de xullo de 2014, no relativo aos estatutos sociais dos depositarios centrais de valores e ao seu réxime económico, entre outras cuestións.

A continuación, o capítulo II do título II regula os casos en que necesariamente debe intervir unha entidade de contrapartida central en determinadas operacións realizadas en segmentos de contratación multilateral dos mercados secundarios oficiais e dos sistemas multilaterais de negociación, tendo en conta a normativa europea ao respecto que se recolle no Regulamento (UE) n.º 648/2012, do 4 de xullo de 2012. Aproveítase para desenvolver parte do artigo 44 ter da Lei 24/1988, do 28 de xullo, que, ben que se modifica moi lixeiramente no punto once da disposición derradeira primeira da Lei 11/2015, sufriu unha importante reforma coa Lei 32/2011, do 4 de outubro, cuxo desenvolvemento se realiza agora neste real decreto.

Cómpre facer especial referencia ás obrigacións de seguimento e control que deben realizar tanto as entidades de contrapartida central como os depositarios centrais de valores en relación coa actuación das súas entidades participantes. Tal e como establece a lei, estas infraestruturas deberán velar, no ámbito das súas respectivas competencias, polo correcto funcionamento e eficiencia dos procesos de compensación e liquidación de transaccións e de rexistro de valores. Desta forma, é de suma importancia que os manuais de seguimento e control previstos neste real decreto detallen suficientemente as medidas concretas que se implantarán para garantir o bo funcionamento do sistema de compensación, liquidación e rexistro de valores.

O capítulo III deste título II céntrase na liquidación de valores e desenvolve, na sección primeira, o relativo á actuación dos depositarios centrais de valores nesta fase concreta da poscontratación, mentres que nas seccións segunda e terceira se detallan as regras para a liquidación de operacións sobre valores negociables, a celebración de acordos entre infraestruturas, os principios que rexen o sistema de liquidación e a prevención e control de falidos na liquidación.

Finalmente, o capítulo IV desenvolve o novo artigo 44 septies da Lei 24/1988, do 28 de xullo, en relación co sistema específico de información para a supervisión da compensación, liquidación e rexistro de valores. Este sistema de información, denominado interface de poscontratación, será xestionado polo depositario central de valores e contará coa información proporcionada por todos os participantes no proceso de poscontratación, tales como centros de negociación, entidades de contrapartida central, etc. O seu obxectivo último é permitir a rastrexabilidade das operacións, o control dos riscos e garantías, a correcta xestión dos dous niveis de rexistro e a correcta liquidación das operacións. Será un elemento vital para a supervisión pola Comisión Nacional do Mercado de Valores do adecuado funcionamento de todas as fases de poscontratación, pois desaparecerán as referencias de rexistro como elemento de control.

De entre as disposicións adicionais, destaca a primeira, cuxo obxectivo é deixar claro que as modificacións deste real decreto non se aplican aos valores de renda fixa admitidos a negociación en mercados secundarios oficiais nin en sistemas multilaterais de negociación nin á débeda pública negociada no mercado de débeda pública en anotacións en conta. Isto é así porque este tipo de valores xa realiza unha liquidación mediante o sistema de saldos, polo que a súa incorporación ao novo sistema de compensación, liquidación e rexistro se realizará con maior facilidade. De aí que se pospuxese a dita adaptación que, cando teña lugar, completará a unificación do sistema de rexistro para valores de renda fixa, débeda pública e renda variable prevista na disposición derradeira cuarta da Lei 32/2011, do 4 de outubro. Non obstante, hai que ter en conta que existen emisións de renda fixa admitidas a negociación en bolsas, polo que é necesario que queden afectadas parcialmente pola reforma e, en particular, se eliminen as referencias de rexistro correspondentes a estes valores e se establezan nos regulamentos das infraestruturas os procedementos oportunos para a súa adecuada liquidación.

Por outra parte, cómpre destacar a importancia das disposicións transitorias e de entrada en vigor, xa que os distintos elementos deste real decreto se aplicarán de forma progresiva segundo se vaian aprobando os regulamentos das infraestruturas de mercado que detallan os aspectos máis técnicos e operativos do sistema de compensación, liquidación e rexistro de valores español, e segundo sexan de aplicación as disposicións do Regulamento (UE) n.º 909/2014, do 23 de xullo de 2014. En concreto, as disposicións transitorias prevén as regras conforme as cales as operacións en curso e iniciadas na entrada en vigor do real decreto serán liquidadas, así como a información que deben publicar os centros de negociación para unha adecuada transición e migración ao novo sistema de compensación, liquidación e rexistro.

A entrada en vigor do real decreto debe coincidir coa data en que as infraestruturas de mercado e as súas entidades participantes estean preparadas para operar con total seguridade aplicando as regras do novo sistema e eliminando o risco operativo e sistémico asociado a unha migración de sistemas destas características. Hai que ter en conta tamén que, de acordo coa disposición transitoria sétima da Lei 11/2015, do 18 de xuño, as

modificacións introducidas nos puntos catro a oito, dez, doce, trece, quince, vinte e un, vinte e dous e vinte e nove da letra A) da disposición derradeira primeira serán de aplicación a partir da mencionada data.

A disposición derradeira primeira e segunda é a que completa a transposición da Directiva 2013/50/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de outubro de 2013, pola que se modifican a Directiva 2004/109/CE do Parlamento Europeo e do Consello, sobre a harmonización dos requisitos de transparencia relativos á información sobre os emisores cuxos valores se admiten a negociación nun mercado regulado, a Directiva 2003/71/CE do Parlamento Europeo e do Consello, sobre o folleto que debe publicarse en caso de oferta pública ou admisión a cotización de valores, e a Directiva 2007/14/CE da Comisión, pola que se establecen disposicións de aplicación de determinadas prescricións da Directiva 2004/109/CE.

Esta directiva revisa, entre outras cuestións, a periodicidade e o contido dos informes que deben elaborar os emisores de valores que están admitidos a negociación en mercados regulados europeos e, ademais, establece a necesidade de contabilizar nas participacións significativas a titularidade de instrumentos financeiros cun efecto económico similar ao da tenza de accións.

Utilizando unha opción nacional establecida na citada directiva, as modificacións introducidas na Lei 24/1988, do 28 de xullo, pola Lei 11/2015, do 18 de xuño, manteñen a obriga de subministrar información trimestral, tendo en conta que é unha exigencia de sinxelo cumprimento, o suficientemente flexible para acomodarse ás diferentes peculiaridades de cada entidade, incluíndo os pequenos e medianos emisores, e que repercute positivamente nos mercados. En efecto, esta exigencia data de 1991 e facilita o seguimento polos investidores das expectativas acerca do comportamento futuro do emisor simplificándolle o labor de avaliar un conxunto heteroxéneo de feitos relevantes publicados en momentos diferentes e cuxa vixencia na data de peche de trimestre non sempre é evidente. Idénticos argumentos aconsellan o mantemento do segundo informe semestral.

O real decreto incorpora outras novidades da directiva, como o cómputo dos dereitos de voto en determinados supostos en que se utilizan instrumentos financeiros derivados e os prazos para a publicación de determinados informes financeiros. En relación coa modificación que realiza a directiva da definición de «emisor», incluíndo nela as persoas físicas, cómpre destacar que a adaptación do noso ordenamento á dita definición non implica ningunha variación en materia de admisión a negociación de valores en mercados secundarios oficiais. É dicir, a persoa física non é considerada emisor para os efectos da admisión a negociación de valores en mercados secundarios oficiais, ben que, co obxectivo de facer unha transposición completa das novidades da directiva e evitar calquera obstáculo que se poida presentar no ámbito da cooperación transfronteiriza entre autoridades competentes, se considera oportuno recoller esta definición ampla de emisor.

Este real decreto dítase en uso das habilitacións contidas nos artigos 7 bis, 31 bis, 35, 35 bis, 44 bis, 44 ter, 44 octies, 53, 125 e na disposición derradeira segunda da Lei 24/1988, do 28 de xullo.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Competitividade, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 2 de outubro de 2015,

DISPOÑO:

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto o desenvolvemento da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, no que se refire á representación de valores por medio de

anotacións en conta, á compensación, liquidación e rexistro de valores, ao réxime xurídico das entidades de contrapartida central e dos depositarios centrais de valores e ás obrigacións de transparencia dos emisores cuxos valores están admitidos a negociación nun mercado secundario oficial

Artigo 2. *Réxime xurídico*

1. A representación de valores negociables, entendendo por tales os mencionados no artigo 2.1 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, (en diante, valores) por medio de anotacións en conta, rexeranse polo disposto na mencionada lei, e neste real decreto.

2. As entidades de contrapartida central rexeranse polo Regulamento (UE) n.º 648/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 4 de xullo de 2012, relativo aos derivados extrabolsistas, ás entidades de contrapartida central e aos rexistros de operacións, e polas súas correspondentes normas de desenvolvemento e aplicación, así como pola Lei 24/1988, do 28 de xullo, e por este real decreto e polas súas correspondentes normas de desenvolvemento, e polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades de capital, sen prexuízo das especialidades previstas nas disposicións citadas, así como calquera outra normativa que resulte aplicable do ordenamento xurídico ou do dereito da Unión Europea.

3. Os depositarios centrais de valores rexeranse polo Regulamento (UE) n.º 909/2014, do 23 de xullo de 2014, sobre a mellora da liquidación de valores na Unión Europea e os depositarios centrais de valores, e polo que se modifican as directivas 98/26/CE e 2014/65/UE e o Regulamento (UE) n.º 236/2012 e as súas correspondentes normas de desenvolvemento e aplicación, así como pola Lei 24/1988, do 28 de xullo, e por este real decreto e polas súas correspondentes normas de desenvolvemento, e polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades de capital, sen prexuízo das especialidades previstas nas disposicións citadas, así como calquera outra normativa que resulte aplicable do ordenamento xurídico ou do dereito da Unión Europea.

TÍTULO I

Representación de valores negociables por medio de anotacións en conta

CAPÍTULO I

Disposicións comúns

Sección 1.ª A anotación en conta como modalidade de representación dos valores negociables

Artigo 3. *Unidade de representación.*

A representación de valores por medio de anotacións en conta aplicarase a todos os valores integrantes dunha mesma emisión, sen prexuízo dos casos de cambio na modalidade de representación previstos nos artigos 4 e 5.

Artigo 4. *Reversibilidade da representación dos valores por medio de títulos.*

1. Os títulos representativos de valores poderán transformarse en anotacións en conta logo de acordo adoptado cos requisitos legais exixidos.

2. A transformación de títulos en anotacións en conta producirase a medida que os titulares vaian presentando os seus títulos ante a entidade encargada do rexistro contable, que practicará as correspondentes inscricións a favor dos que acrediten seren titulares de acordo coa lei que resulte aplicable aos títulos.

3. O prazo de presentación dos títulos para a transformación deberase fixar no acordo a que se refire o punto 1 e publicarse no «Boletín Oficial do Rexistro Mercantil» e nun dos diarios de maior circulación na provincia en que a sociedade teña o seu domicilio, e non poderá ser inferior a un mes nin superior a un ano.

4. Transcorrido o referido prazo, os títulos non transformados deixarán de representar os valores correspondentes, sen prexuízo de que a entidade encargada do rexistro contable deba seguir practicando as inscricións a que se refire o punto 2.

5. Pasados tres anos desde a conclusión do prazo previsto para a transformación sen que se producise a inscrición correspondente mediante anotacións en conta, a entidade encargada do rexistro contable procederá á venda dos valores por conta dos interesados e poderalles repercutir a estes todos os custos e gastos en que incorra.

Esta venda poderá realizarse ben a través dun membro do correspondente mercado ou sistema se os valores están admitidos a negociación nun mercado secundario oficial ou nun sistema multilateral de negociación, ou ben coa intervención de notario de non o estaren.

O efectivo procedente da venda dos valores será depositado á disposición dos interesados no Banco de España ou na Caixa Xeral de Depósitos.

6. A entidade encargada do rexistro contable poderá destruír os títulos recollidos e estenderá o correspondente documento en que se faga constar tal circunstancia, que será asinado tamén por un representante da entidade emisora. En todo caso, nos títulos que non se destrúan deberá facerse figurar visiblemente que quedaron anulados.

7. No caso de que os títulos obxecto da transformación non fosen expedidos será necesario, para que esta teña lugar, que conste esta circunstancia en certificación expedida pola entidade emisora. As correspondentes inscricións practicaranse en favor daqueles que acrediten ser titulares dos valores e logo de presentación, de ser o caso, dos xustificantes provisionais ou extractos de inscrición emitidos.

Artigo 5. *Reversibilidade da representación dos valores por medio de anotacións en conta.*

1. A representación dos valores por medio de anotacións en conta será reversible tendo sempre en conta o previsto neste artigo e no artigo 30.

2. A reversión da representación en anotacións en conta deberá ser autorizada pola Comisión Nacional do Mercado de Valores, en consideración á súa escasa difusión, por solicitude da entidade emisora.

3. Unha vez autorizada a reversión, a entidade encargada do rexistro contable de acordo cos artigos 7.1 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, e 30 deste real decreto, fará entrega aos titulares dos correspondentes títulos, e terá a condición de depositaria respecto destes.

Artigo 6. *Reserva de denominación.*

As expresións «valores representados por medio de anotacións en conta», «anotacións en conta» ou outras que poidan inducir a confusión con elas só se poderán utilizar con referencia a valores negociables que sexan obxecto de representación por medio de anotacións en conta consonte o establecido neste real decreto ou en relación cos instrumentos financeiros a que se refire o artigo 47.

Sección 2.^a Constancia e publicidade das características dos valores negociables representados por medio de anotacións en conta

Artigo 7. *Documento da emisión.*

1. A representación de valores por medio de anotacións en conta deberá constar no documento da emisión, conforme o artigo 6 da Lei 24/1988, do 28 de xullo.

2. O documento da emisión deberá conter a seguinte información:
 - a) Designación da entidade encargada do rexistro contable.
 - b) Denominación dos valores e da entidade emisora.
 - c) Número de valores, cando resulte aplicable de acordo coa natureza do valor.
 - d) Valor nominal dos valores, cando resulte aplicable de acordo coa natureza do valor.
 - e) Calquera outra característica ou condición relevante dos valores; en especial, e de acordo coa natureza propia destes, aquelas outras que son obxecto de mención no texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, no Real decreto 1784/1996, do 19 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Mercantil» e noutras disposicións especificamente aplicables.
3. No caso de programas de emisión que comprendan a posibilidade de emitir durante certo prazo valores de distintas características, bastará coa existencia dun só documento da emisión que reflicta as que sexan comúns, coa condición de que, en certificación complementaria expedida polo órgano de administración da entidade emisora ou por persoa con poder bastante para o efecto, se fagan constar as características diferenciadas. Estas certificacións, cuxas sinaturas deberán estar lexitimadas notarialmente, serán depositadas e postas á disposición do público xunto coa copia do documento da emisión, conforme o previsto no artigo seguinte.
4. O contido dos valores representados por medio de anotacións en conta estará determinado polo documento da emisión e, de ser o caso, da certificación prevista nos puntos anteriores.

Artigo 8. *Depósito do documento da emisión.*

1. A entidade emisora deberá depositar unha copia do documento da emisión ante a entidade encargada do rexistro contable con anterioridade á práctica da primeira inscrición dos valores a que se refira.
2. Antes da dita primeira inscrición, a entidade emisora deberá depositar outra copia do documento da emisión ante a Comisión Nacional do Mercado de Valores, que a incorporará ao rexistro público recollido no artigo 92.c) da Lei 24/1988, do 28 de xullo.
3. Cando se trate de valores admitidos a negociación nun mercado secundario oficial ou nun sistema multilateral de negociación, a entidade emisora deberá depositar outra copia do documento da emisión ante o seu organismo reitor.
4. Tratándose de valores que se negocien a través do Sistema de Interconexión Bolsista, o depósito poderase facer ante a Sociedade de Bolsas ou ante calquera das sociedades reitoras das bolsas de valores. A entidade que reciba o documento da emisión realizará as copias necesarias, que fará chegar ao resto de entidades anteriormente mencionadas.

Artigo 9. *Publicidade do documento da emisión.*

1. A entidade emisora, a entidade encargada do rexistro contable e, de ser o caso, os organismos reitores dos mercados secundarios oficiais ou sistemas multilaterais de negociación deberán ter en todo momento, á disposición dos titulares e do público interesado en xeral, as copias do documento da emisión a que se fai referencia nesta sección. Para estes efectos, estas entidades publicarán as copias na súa páxina web cando estean obrigadas legalmente a contar con ela.
2. Tratándose de valores que se negocien a través do Sistema de Interconexión Bolsista, esta obrigación recaerá sobre a Sociedade de Bolsas e sobre todas as sociedades reitoras das bolsas de valores.
3. Os titulares e as demais persoas interesadas poderán consultar directamente as ditas copias e terán dereito a obter a expedición, pola súa conta, dunha reprodución delas por calquera medio adecuado.

Artigo 10. *Modificación das características dos valores.*

1. A modificación das características dos valores representados por medio de anotacións en conta deberá constar nun documento con características semellantes ao documento da emisión, que será depositado e posto á disposición do público na forma prevista nos artigos anteriores e, no caso de que non o substitúa, conxuntamente co documento inicial.

2. Sen prexuízo de que poida proceder a súa publicación no «Boletín Oficial do Rexistro Mercantil», a modificación farase pública nun dos diarios de maior circulación na provincia en que a entidade emisora teña o seu domicilio, ou na páxina web da entidade emisora, cando estea obrigada legalmente a manter a dita páxina.

Artigo 11. *Emisións de entidades públicas.*

1. No caso de emisións de débeda do Estado, das comunidades autónomas, das entidades locais e dos seus organismos públicos e entidades vinculadas ou dependentes, a publicación das características da emisión nos boletíns oficiais correspondentes eximirá das obrigacións relativas ao documento da emisión recollidas nos artigos anteriores.

2. No caso das entidades locais e dos seus organismos autónomos, a publicación realizarase no «Boletín Oficial del Estado».

3. O mesmo réxime será aplicable ás emisións doutras entidades públicas ou de organismos internacionais, se a súa normativa reguladora asegura a publicación das características da emisión.

Sección 3.ª Réxime xurídico dos valores negociables representados por medio de anotacións en conta

Artigo 12. *Primeira inscrición.*

1. Os valores representados por medio de anotacións en conta constituiranse como tales en virtude da súa inscrición no correspondente rexistro da entidade encargada do rexistro contable.

2. Tratándose de valores admitidos a negociación nun mercado secundario oficial ou nun sistema multilateral de negociación, tal efecto constitutivo producirase coa inscrición no rexistro central a cargo do depositario central de valores designado.

3. Os valores inscritos quedarán sometidos ás normas previstas no capítulo II do título I da Lei 24/1988, do 28 de xullo, e neste real decreto.

Artigo 13. *Transmisión.*

1. A transmisión dos valores representados por medio de anotacións en conta terá lugar por transferencia contable. A inscrición da transmisión a favor do adquirente producirá os mesmos efectos que a tradición dos títulos.

2. A transmisión será opoñible a terceiros desde o momento en que se practicasen as correspondentes inscricións.

3. O terceiro que de boa fe adquira a título oneroso valores representados por medio de anotacións en conta de persoa que, segundo os asentos do rexistro contable, apareza lexitimada para transmitirlos non estará suxeito a reivindicación, a non ser que no momento da adquisición obrase de mala fe. Quedan a salvo os dereitos e as accións do titular despoñuído contra as persoas responsables dos actos en cuxa virtude quedase privado dos valores.

4. A entidade emisora só poderá opor, fronte ao adquirente de boa fe de valores representados por medio de anotacións en conta, as excepcións que se desprendan da inscrición en relación co documento da emisión previsto no artigo 7 e as que puidese ter esgrimido no caso de que os valores estivesen representados por medio de títulos.

5. A práctica da inscrición non valida as posibles causas de nulidade da transmisión consonte as leis.

6. O disposto neste artigo enténdese sen prexuízo do cumprimento dos requisitos que, respecto da transmisión de activos financeiros, establece a normativa tributaria, conforme o sinalado nos artigos 108 e 109 da Lei 24/1988, do 28 de xullo.

Artigo 14. *Constitución de dereitos reais limitados e outros gravames.*

1. A constitución de dereitos reais limitados ou outra clase de gravames sobre valores representados por medio de anotacións en conta deberá inscribirse na conta correspondente. A inscrición do peñor equivale ao desprazamento posesorio do título.

2. A constitución do dereito ou gravame será oponible a terceiros desde o momento en que se practicase a correspondente inscrición.

Artigo 15. *Valores en copropiedade.*

Os valores en copropiedade inscribíranse no correspondente rexistro contable a nome de todos os cotitulares.

Artigo 16. *Lexitimación rexistral.*

1. A persoa que apareza lexitimada nos asentos do rexistro contable presumirase titular lexítimo e, en consecuencia, poderá exixir da entidade emisora que realice no seu favor as prestacións a que dea dereito o valor representado por medio de anotacións en conta.

2. A entidade emisora que realice de boa fe a prestación en favor do lexitimado liberarase aínda que este non sexa o titular do valor.

Artigo 17. *Prioridade e tracto sucesivo.*

1. Os rexistros contables de valores anotados rexeranse polos principios de prioridade de inscrición e de tracto sucesivo.

2. Conforme o principio de prioridade, unha vez producida calquera inscrición non se poderá practicar ningunha outra respecto dos mesmos valores que sexa incompatible coa anterior. Así mesmo, a entidade encargada da xestión do rexistro contable practicará as inscricións correspondentes conforme a orde de presentación.

3. Conforme o principio de tracto sucesivo, para a inscrición da transmisión de valores será precisa a súa inscrición previa no rexistro contable a favor do transmitente. Igualmente, a inscrición da constitución, modificación ou extinción de dereitos reais sobre valores inscritos requirirá a súa inscrición previa a favor do dispoñente.

Artigo 18. *Funxibilidade dos valores.*

1. Os valores representados por medio de anotacións en conta correspondentes a unha mesma emisión que teñan unhas mesmas características teñen carácter funxible. En consecuencia, quen apareza como titular no rexistro contable serao dunha cantidade determinada ou saldo daqueles, sen referencia que identifique individualmente os valores.

2. En particular, consideraranse funxibles entre si todas as accións dunha mesma clase e serie e os demais valores dunha mesma entidade emisora cuxas características, desde a orixe ou de modo sobrevido, sexan as mesmas.

3. O disposto nos puntos precedentes enténdese sen prexuízo das necesidades de especificación ou desagregación de valores inscritos derivadas de situacións especiais, como a constitución de dereitos reais limitados ou outra clase de gravames ou a expedición de certificados.

*Sección 4.ª Certificados de lexitimación**Artigo 19. Certificados de lexitimación. Contido e clases.*

1. A lexitimación para a transmisión e para o exercicio dos dereitos derivados dos valores representados por medio de anotacións en conta, ou dos dereitos reais limitados ou gravames constituídos sobre eles, poderá acreditarse mediante a exhibición de certificados nos cales constará a identidade do titular dos valores e, de ser o caso, dos dereitos limitados ou gravames, a identificación da entidade emisora e da emisión, a clase, o valor nominal e o número de valores que comprendan e a súa data de expedición. Tamén constarán nos certificados a finalidade para a que fosen expedidos e o seu prazo de vixencia.

Así mesmo, tamén se poderán expedir outras certificacións que acrediten, ben a existencia de embargos xudiciais ou administrativos, ben a constitución de peñores ou calquera outro acto ou circunstancia que tivese acceso ao rexistro.

2. Os certificados poderán referirse a todos ou parte dos valores integrados en cada saldo. No caso de que se refiran tan só a parte deles, no momento da súa expedición efectuarase a correspondente desagregación na conta onde se encontren inscritos os valores, que se manterá até a restitución do certificado ou até que este caducase.

Artigo 20. Expedición.

1. Os certificados só serán expedidos por solicitude do titular dos valores ou beneficiario dos dereitos e de conformidade cos asentos do rexistro contable, pola entidade encargada do rexistro contable.

2. Cando a entidade encargada do rexistro contable sexa un depositario central de valores de acordo co disposto no artigo 7.3 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, os certificados serán expedidos:

a) Polo depositario central de valores respecto dos valores das contas referidas nos artigos 32.1.a), 32.1.c) e 32.2.

No caso de valores das contas referidas no artigo 32.1.c), a expedición polo depositario central de valores será a solicitude da entidade participante que xestione a dita conta logo de solicitude do cliente titular ou beneficiario.

b) Polas entidades participantes do depositario central de valores respecto dos valores das contas do rexistro de detalle referidas no artigo 33.

3. Os certificados deberán ser expedidos antes de que conclúa o día hábil seguinte a aquel en que tivo lugar a presentación da solicitude.

4. Non se poderá expedir, para os mesmos valores e para o exercicio dos mesmos dereitos, máis dun certificado.

Artigo 21. Alcance dos certificados.

1. Os certificados a que fai referencia o artigo precedente non conferirán máis dereitos que os relativos á lexitimación.

2. Serán nulos os actos de disposición que teñan por obxecto os certificados.

Artigo 22. Inmobilización rexistral dos valores.

1. O saldo de valores sobre o cal estea expedido o certificado quedará inmovilizado.

2. As entidades encargadas do rexistro contable non poderán dar curso a transmisións ou gravames nin practicar as correspondentes inscricións mentres os certificados non fosen restituídos, salvo que se trate de transmisións que deriven de execucións xudiciais ou administrativas.

3. No caso de que a entidade encargada do rexistro contable sexa un depositario central de valores, non poderán dar curso a transmisións ou gravames nin practicar as

correspondentes inscricións mentres o certificado non fose restituído, salvo que se trate de transmisións que deriven de execucións xudiciais ou administrativas:

- a) O depositario central de valores respecto dos valores das contas referidas nos artigos 32.1.a), 32.1.c) e 32.2.
- b) As entidades participantes do depositario central de valores respecto dos valores das contas do rexistro de detalle referidas no artigo 33.

4. Sen prexuízo de que poida solicitar e obter a expedición dun novo, o usufrutuario, acredor pignoraticio ou beneficiario doutros dereitos reais ou gravames deberá restituír o certificado que teña expedido ao seu favor tan pronto como lle sexa notificada a transmisión dos valores, sen que iso afecte a validez e eficacia dos seus dereitos.

5. Os membros dos mercados secundarios oficiais ou dos sistemas multilaterais de negociación tampouco poderán executar as ordes de venda que reciban se teñen constancia de que se refiren a valores respecto dos cales estean expedidos certificados vixentes. Exceptúanse os casos en que eles mesmos os recollan con ocasión de tales ordes para facelos chegar á entidade encargada do rexistro contable en cuxos rexistros figuran inscritos os valores, e aqueles en que deban proceder á transmisión como consecuencia de execucións xudiciais ou administrativas.

6. A obrigaón de restitución decae cando o certificado quedase privado de valor.

7. Salvo os comprendidos no artigo 19.1, último parágrafo, cuxa vixencia será a da circunstancia de que dean conta, os certificados caducarán polo transcurso do prazo de vixencia neles establecido, que non poderá exceder os seis meses, ou na súa ausencia, aos tres meses da súa expedición.

Sección 5.^a Outras regras comúns

Artigo 23. *Subministración de datos ás entidades emisoras sobre a identidade dos seus accionistas.*

1. As normas de funcionamento dos depositarios centrais de valores conterán as previsións necesarias para que, dentro do proceso de liquidación, todas as operacións relativas a accións de sociedades cuxos títulos deban ser nominativos en virtude de disposición legal sexan comunicadas a tales sociedades.

2. Os depositarios centrais de valores tamén establecerán procedementos para informar a calquera sociedade, aínda que as súas accións non sexan obrigatoriamente nominativas, da identidade dos seus accionistas que figuren no rexistro contable, incluídos os enderezos e medios de contacto de que dispoñan, para permitir a comunicación con aqueles, de conformidade co artigo 497 do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo. Os depositarios centrais de valores establecerán similares procedementos para informar as asociacións de accionistas e os accionistas cando se cumpran as condicións do artigo 497.2 da referida norma.

3. Os depositarios centrais de valores prestarán, sen que iso poida implicar o mantemento neles de ficheiros permanentes, o servizo de canalización das solicitudes que as sociedades formulen con ocasión da celebración de calquera xunta xeral e con referencia á data recollida no artigo 179 do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo.

Artigo 24. *Rectificación de inscricións.*

1. A entidade encargada do rexistro contable só poderá rectificar as inscricións inexactas en virtude de resolución xudicial, salvo no caso de erros puramente materiais ou aritméticos que resulten do propio rexistro ou da mera confrontación co documento en cuxa virtude se practícase a inscrición.

2. No caso de que a entidade encargada do rexistro contable sexa un depositario central de valores, só poderán rectificar as inscricións inexactas en virtude de resolución

xudicial, salvo no caso de erros puramente materiais ou aritméticos que resulten do propio rexistro ou da mera confrontación co documento en cuxa virtude se practicase a inscrición:

- a) O depositario central de valores respecto dos valores das contas referidas nos artigos 32.1.a), 32.1.c) e 32.2.
- b) As entidades participantes do depositario central de valores respecto dos valores das contas do rexistro de detalle referidas no artigo 33.

3. O asento de rectificación farase constar na súa data no libro a que se refire o artigo seguinte.

Artigo 25. *Libro diario de inscricións.*

1. A entidade encargada do rexistro contable levará un libro ou ficheiro informático de inscricións, en que anotará diariamente, por orde cronolóxica, referencia suficiente de todas e cada unha das practicadas en calquera dos rexistros ao seu cargo, asignándolles un número correlativo. O primeiro número de cada día será o seguinte ao asignado á última inscrición do día anterior.

2. No caso de que a entidade encargada do rexistro contable sexa un depositario central de valores, o libro a que se refire o punto anterior será levado:

- a) Polo depositario central de valores respecto dos valores das contas referidas nos artigos 32.1.a), 32.1.c) e 32.2.
- b) Polas entidades participantes do depositario central de valores respecto dos valores das contas do rexistro de detalle referidas no artigo 33.

Artigo 26. *Exercicio de dereitos económicos.*

1. Os dereitos ao cobramento de xuros, dividendos e calquera outro de contido económico exerceranse a través das entidades encargadas do rexistro contable, en cuxos rexistros estean inscritos os valores.

2. Cando a entidade encargada do rexistro contable sexa un depositario central de valores, o cobramento a que se refire o punto anterior realizarase a través:

- a) Do depositario central de valores respecto dos valores das contas referidas nos artigos 32.1.a), 32.1.c) e 32.2.
- b) Das entidades participantes do depositario central de valores respecto dos valores das contas do rexistro de detalle referidas no artigo 33.

En todo caso, o depositario central de valores comunicará á entidade emisora puntualmente, para os efectos do previsto neste punto, o número de valores inscrito nos rexistros de cada unha das súas entidades participantes.

Artigo 27. *Retribución.*

1. Os depositarios centrais de valores establecerán as tarifas aplicables aos seus clientes, entidades participantes e emisoras, polos seus servizos de liquidación e rexistro e poranse á disposición do público de acordo co artigo 34 do Regulamento (UE) n.º 909/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de xullo de 2014, sobre a mellora da liquidación de valores na Unión Europea e os depositarios centrais de valores e polo que se modifican as directivas 98/26/CE e 2014/65/UE e o Regulamento (UE) n.º 236/2012.

2. As entidades participantes establecerán, así mesmo, as tarifas das comisións que deban percibir dos seus clientes pola inscrición e o mantemento de saldos de valores, incluídos os servizos anexos de administración destes. Estas tarifas e as súas modificacións estarán á disposición do público e, cando sexan aplicables a clientes retallistas, deberán ser comunicadas á Comisión Nacional do Mercado de Valores.

3. As restantes entidades encargadas do rexistro contable establecerán igualmente as tarifas de comisións que percibirán das entidades emisoras e dos seus clientes polos mencionados servizos. Estas tarifas e as súas modificacións estarán á disposición do público e, cando sexan aplicables a clientes retallistas, deberán ser comunicadas á Comisión Nacional do Mercado de Valores.

4. Malia o disposto no punto anterior, as primeiras inscricións dos valores practicaranse libres de gastos para os seus subscritores ou titulares.

Artigo 28. *Responsabilidade.*

1. A falta de práctica das correspondentes inscricións, as inexactitudes e atrasos nelas e, en xeral, o incumprimento intencionado ou por negligencia das regras establecidas para a xestión dos rexistros, dará lugar á responsabilidade das entidades encargadas do rexistro contable ou, de ser o caso, das entidades participantes, incumplidoras fronte a quen resulte prexudicado.

2. Os depositarios centrais de valores responderán dos prexuízos que lles sexan directamente imputables, sen prexuízo das responsabilidades en que poidan incurrir pola falta da debida dilixencia no exercicio das súas funcións de seguimento e control do sistema.

3. Os depositarios centrais de valores facilitarán aos prexudicados a información de que dispoñan en relación coas actuacións das súas entidades participantes que orixinasen os posibles prexuízos.

4. Cando o prexuízo consista na privación de determinados valores e iso sexa posible, a entidade encargada do rexistro contable responsable adquirirá valores das mesmas características para a súa entrega ao prexudicado.

5. O previsto neste artigo enténdese sen prexuízo das demais responsabilidades, administrativas ou doutro tipo, que poidan concorrer.

Artigo 29. *Conservación de información.*

As entidades encargadas dos rexistros contables, os depositarios centrais de valores e as súas entidades participantes conservarán durante dez anos a información que permita reconstruír os asentos practicados a nome de cada titular.

CAPÍTULO II

Rexistro contable de valores negociables admitidos a negociación en mercados secundarios oficiais e sistemas multilaterais de negociación

Sección 1.^a Aspectos xerais

Artigo 30. *Representación por medio de anotacións en conta.*

Os valores admitidos a negociación nun mercado secundario oficial de valores ou nun sistema multilateral de negociación deberanse representar necesariamente por medio de anotacións en conta, tendo en conta as especialidades previstas no artigo 38 para os valores estranxeiros.

Artigo 31. *Entidades encargadas do rexistro contable.*

1. A xestión do rexistro contable dos valores admitidos a negociación en mercados secundarios oficiais ou en sistemas multilaterais de negociación corresponderá a un depositario central de valores e ás súas entidades participantes.

2. O depositario central de valores e as súas entidades participantes poderán tamén levar, consonte o previsto neste capítulo, as contas correspondentes a valores respecto dos cales estea solicitada ou se vaia solicitar a admisión a negociación en mercados secundarios oficiais ou sistemas multilaterais de negociación. Para tal efecto, o propósito

de solicitar a admisión deberá manifestarse no folleto de emisión ou de oferta pública de venda dos valores ou en documento presentado para tal fin ante o depositario central de valores. No suposto de que non se solicite dentro do prazo previsto nos documentos anteriormente descritos ou non se obteña a admisión a negociación en mercados secundarios oficiais ou en sistemas multilaterais de negociación, procederase na forma establecida no artigo 37.

Artigo 32. *Rexistro central.*

1. Todo depositario central de valores que preste servizos en España levará, por cada categoría de valores cun mesmo código de identificación ISIN («International Securities Identification Number»), as seguintes contas no rexistro central por solicitude das entidades participantes:

- a) Unha ou varias contas propias das entidades participantes en que se anotarán os saldos de valores de que sexa titular en cada momento a propia entidade participante.
- b) Unha ou varias contas xerais de terceiros nas cales se anotarán, de forma global, os saldos de valores correspondentes aos clientes da entidade participante ou aos clientes dunha terceira entidade que lle encomendase á entidade participante solicitante a custodia e o rexistro de detalle dos valores dos ditos clientes.
- c) Unha ou varias contas individuais nas cales se anotarán, de forma segregada, os saldos de valores correspondentes a aqueles clientes das entidades participantes que acordasen a xestión de tales contas no rexistro central. A xestión destas contas realizarana as entidades participantes nos termos previstos neste real decreto e de acordo coas condicións pactadas cos clientes.

No ámbito dos procedementos de compensación e liquidación poderanse establecer especialidades aplicables a este tipo de contas cando as utilicen determinados intermediarios financeiros que, de maneira transitoria, liquiden operacións en nome propio por conta de clientes profesionais, conforme o artigo 78 bis da Lei 24/1988, do 28 de xullo. Estas especialidades deberán ser obxecto de regulación nos regulamentos e na normativa interna das entidades de contrapartida central, dos depositarios centrais de valores e, de ser o caso, dos mercados e sistemas multilaterais de negociación.

2. O ministro de Economía e Competitividade establecerá as entidades que poderán solicitar conta individual de xestión directa polo depositario central de valores, nas cales se anotarán de forma segregada os seus valores no rexistro central e as condicións en que esta se realizará. Estas entidades deberán ser administracións públicas de conformidade co artigo 2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, sobre o réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e os organismos públicos vinculados ou dependentes delas, os membros do Sistema Europeo de Bancos Centrais e outras entidades de dereito público e organismos internacionais.

3. O ministro de Economía e Competitividade poderá determinar que outras entidades, por razóns de interese público e atendendo ás súas especiais características, requiren de contas individuais no rexistro central de xestión directa polo depositario central de valores.

Artigo 33. *Rexistro de detalle.*

1. As entidades participantes con contas xerais de terceiros levarán por cada categoría de valores cun mesmo código de identificación ISIN un rexistro de detalle que estará composto por cada unha das contas de valores que correspondan a cada cliente.

2. Cada conta do rexistro de detalle reflectirá en todo momento o saldo de valores que corresponde ao seu titular.

Artigo 34. *Regras de inscrición, bloqueo e cancelación.*

1. As inscricións e cancelacións nas contas do rexistro central e dos rexistros de detalle produciranse en virtude de aboamento ou cargo na conta respectiva.

2. A inscrición a nome do titular que se produza nas contas dos rexistros de detalle das entidades participantes ou, nas contas a que se refiren as letras a) e c) do artigo 32.1 e 32.2 nos rexistros a cargo do depositario central de valores, será a que produza os efectos previstos nos artigos 9, 10 e 11 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, e na súa normativa de desenvolvemento.

3. Nas contas do rexistro central e dos rexistros de detalle manterase o oportuno control dos valores afectados por situacións especiais.

4. Serán en todo caso obxecto de desagregación os valores sobre os cales se constitúan dereitos reais limitados ou outra clase de gravames e aqueles respecto dos que se expedisen certificados de lexitimación.

A desagregación e inscrición do dereito real ou gravame na conta correspondente realizaraas o depositario central de valores, por solicitude das entidades participantes nos casos previstos no artigo 32.1.a) e c) e por solicitude dos titulares das contas no caso das contas sinaladas no artigo 32.2.

A desagregación e inscrición do dereito real ou gravame realizarana as entidades participantes no caso das contas do rexistro de detalle referidas no artigo 33.

5. As entidades participantes son responsables do adecuado rexistro de valores nas contas de detalle de terceiros e da integridade dos datos identificativos de cada unha delas, así como da exactitude das inscricións, desagregacións e bloqueos practicados nas ditas contas.

6. A xestión dos rexistros a que se refire este artigo e, en particular, os datos que deberán constar en cada inscrición, axustaranse ao que sinala o artigo seguinte, así como á normativa interna dos depositarios centrais de valores.

Artigo 35. *Control dos rexistros de detalle.*

1. Co obxecto de facilitar o control e a conciliación dos saldos de valores recoñecidos nas contas xerais de terceiros cos anotados nas contas de detalle, as entidades participantes organizarán os rexistros de detalle mediante un sistema de codificación único e estandarizado de contas que será regulado polo depositario central de valores na súa normativa interna.

2. O sistema de codificación permitirá obter para cada clase de valor funxible información, ao menos, sobre a identidade do titular que figure no rexistro, o saldo de valores, as datas relevantes, transaccións que dean lugar a unha variación do saldo e, cando sexa posible identificalo, o prezo destas, así como a existencia de calquera dereito ou gravame que afecte os valores anotados, a súa data de constitución e de cancelación.

3. Sen prexuízo do anterior, o ministro de Economía e Competitividade poderá crear calquera outro mecanismo de control do sistema que complemente ou substitúa o anterior.

Artigo 36. *Control de saldos do sistema.*

1. Constituirá responsabilidade fundamental dos depositarios centrais de valores levar en todo momento un estrito control dos saldos das contas de valores do rexistro central, así como da correspondencia da suma de tales saldos co número total de valores integrados en cada emisión ou funxibles entre si.

2. As entidades participantes deberán cumprir as súas funcións de rexistro e, en particular, manter a exacta e permanente concordancia entre os saldos de valores das contas dos seus rexistros de detalle e os saldos de valores das contas xerais de terceiros no rexistro central.

3. Así mesmo, será responsabilidade dos depositarios centrais de valores vixiar que as entidades participantes cumpren adecuadamente as súas funcións de rexistro e, en

particular, que os saldos de valores das contas dos rexistros de detalle se corresponden cos saldos de valores das contas xerais de terceiros do rexistro central.

Artigo 37. Exclusión de valores da negociación.

1. Cando un valor deixe de estar admitido a negociación nalgún mercado secundario oficial ou sistema multilateral de negociación, o depositario central de valores, no prazo de tres meses desde que a exclusión de negociación lle sexa notificada, adoptará as medidas precisas para o traspaso dos valores aos rexistros da entidade designada pola entidade emisora, salvo que esta decida que a xestión do rexistro contable lle siga correspondendo ao depositario central de valores, todo iso de acordo co previsto no artigo 48 e axustando a xestión ao establecido na sección 1.^a do capítulo III do título I.

2. No caso de que, de acordo co punto anterior, o depositario central de valores vaia traspasar os valores a outra entidade encargada do rexistro contable, os depositarios centrais de valores poderán exixir das súas entidades participantes cantos datos coiden oportunos con obxecto de dar de baixa nos seus rexistros os saldos de valores na data que determinen e traspasar os valores aos rexistros da outra entidade.

Artigo 38. Rexistro contable de valores estranxeiros.

1. O sistema de rexistro previsto neste capítulo aplicaráselles aos valores estranxeiros admitidos a negociación en mercados secundarios oficiais ou en sistemas multilaterais de negociación españois, sen que iso determine cambio no seu sistema de representación e, por conseguinte, con independencia de que estes permanezan incorporados a títulos ou dematerializados de acordo coa lexislación de orixe respectiva.

2. A suma dos saldos das contas dos ditos valores estranxeiros nun depositario central de valores deberá coincidir en todo momento cos que, afectos ao mercado español, estean rexistrados noutro depositario central de valores ou se manteñan en depósito ou rexistrados por unha entidade habilitada para este efecto. Neste caso, e sen prexuízo dos deberes do depositario central de valores, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá impor que unha entidade financeira cunha solvencia suficiente se faga responsable do mantemento desa correspondencia, engadindo esta función, de ser o caso, ás de relación coa entidade emisora que poida desempeñar.

Sección 2.^a Práctica das inscricións

Artigo 39. Primeira inscrición nos depositarios centrais de valores e entidades participantes de valores representados por medio de anotacións en conta.

1. A inscrición a favor dos subscritores de valores representados por medio de anotacións en conta respecto dos cales se solicite ou exista a intención de solicitar a admisión a negociación nun mercado secundario oficial ou nun sistema multilateral de negociación practicaraa o depositario central de valores no rexistro central e as súas entidades participantes nas contas dos respectivos rexistros de detalle, en virtude da información remitida pola entidade emisora ou a entidade axente que a dita entidade emisora designase.

2. A inscrición realizarase cando se cumprisen os seguintes requisitos:

a) O depositario central de valores teña á súa disposición copia do documento da emisión a que se refire o artigo 7.

b) As entidades participantes conten co consentimento ou coa correspondente orde dos subscritores.

3. A inscrición de acordo co disposto neste capítulo de valores representados por medio de anotacións en conta non negociados nun mercado secundario oficial nin nun sistema multilateral de negociación respecto dos cales se solicitase ou exista a intención

de solicitar a admisión a negociación producírase en virtude do traspaso do rexistro contable por parte da entidade encargada ao depositario central de valores.

Nos casos en que a admisión vaia precedida dunha oferta pública de venda dos valores, o traspaso poderá referirse ao momento inmediatamente anterior á colocación, e acreditarase ante o depositario central de valores e ante as súas entidades participantes quen son os titulares na forma prevista no punto anterior.

4. A inscrición de acordo co disposto neste capítulo de valores representados por medio de títulos non negociados en mercados secundarios oficiais nin en sistemas multilaterais de negociación que se vaian transformar en anotacións en conta como consecuencia de que se solicitase ou exista a intención de solicitar a admisión a negociación nun mercado secundario oficial ou nun sistema multilateral de negociación producírase nos termos previstos no artigo 4.

5. A partir do momento en que as entidades emisoras teñan as súas accións ou outros valores emitidos por elas representados por medio de anotacións en conta, rexistrados no depositario central de valores, adquieren a obrigaón de comunicar a este calquera circunstancia que afecte a entidade emisora e teña efectos sobre o contido de dereitos e obrigaóns deses valores, así como o deber de manter actualizados os datos que sobre a entidade emisora consten no depositario central de valores.

Artigo 40. Inscrición de transmisións derivadas da compravenda de valores admitidos a negociación nun mercado secundario oficial ou nun sistema multilateral de negociación.

1. Na data de liquidación das operacións sobre valores admitidos a negociación nun mercado secundario oficial ou nun sistema multilateral de negociación, fosen obxecto ou non de compensación previa por unha entidade de contrapartida central de acordo coas regras destes, os depositarios centrais de valores, tras comprobar a suficiencia de valores, aboarán os valores e practicarán o correlativo cargo nas contas das correspondentes entidades no rexistro central de acordo co principio de entrega contra pagamento.

2. As entidades participantes deberán practicar simultaneamente a anotación correlativa nas contas dos seus rexistros de detalle cando a liquidación afecte valores anotados nelas.

Artigo 41. Inscrición doutras transmisións.

1. As transmisións de valores admitidos a negociación nun mercado secundario oficial ou nun sistema multilateral de negociación por título distinto de compravenda, os traspasos e os préstamos de valores e outras operacións derivadas do funcionamento dos mercados de valores darán lugar ás correspondentes inscricións conforme o previsto nos artigos 54 e 55.

2. Será de aplicación o disposto no punto anterior ás inscricións a que dean lugar as transmisións de valores derivadas das operacións que, en execución da política monetaria, realicen o Banco de España, o Banco Central Europeo e os bancos centrais integrantes do Sistema Europeo de Bancos Centrais.

Artigo 42. Dereitos reais limitados ou outros gravames.

1. A constitución, cancelación ou transmisión de dereitos reais limitados ou outros gravames sobre valores admitidos a negociación nun mercado secundario oficial ou nun sistema multilateral de negociación acreditaranse de acordo coas regras previstas nos artigos 54 e 55:

a) Ante o depositario central de valores, respecto dos valores das contas previstas nos artigos 32.1.a) e 32.2.

b) Ante a entidade participante do depositario central de valores, respecto dos valores das contas previstas no artigo 32.1.c) e das contas do rexistro de detalle referidas no artigo 33.

2. Unha vez acreditada a constitución, cancelación ou transmisión a que se refire o punto anterior, practicará a correspondente inscrición e efectuará a desagregación dos valores prevista no artigo 34.4:

a) O depositario central de valores, no caso das contas previstas nos artigos 32.1.a), 32.1.c) e 32.2.

b) A entidade participante, no caso das contas do rexistro de detalle referidas no artigo 33.

3. Os valores afectados por desagregacións das previstas neste artigo non poderán ser obxecto de negociación a través dos sistemas de contratación que os mercados secundarios oficiais ou os sistemas multilaterais de negociación teñan establecidos e as entidades participantes non os porán á disposición do depositario central de valores no proceso de liquidación.

Artigo 43. *Amortización de valores.*

1. Nos supostos de redución de capital con amortización de accións, o depositario central de valores, unha vez que lle fose presentada copia da escritura de redución debidamente inscrita no Rexistro Mercantil, dará de baixa nas contas das entidades participantes os valores afectados e dirixirá as pertinentes comunicacións a estas, que ingresarán os valores nas contas dos seus clientes.

2. Tratándose de amortización por pagamento de obrigacións ou outros valores representativos de débeda, unha vez producido o pagamento a través da entidade participante, esta comunicarllo ao depositario central de valores, que dará de baixa os valores dirixindo comunicación á dita entidade para os efectos previstos no punto anterior.

3. Nos restantes supostos de amortización, será preciso acreditar ante o depositario central de valores, na forma prevista no artigo 56.3, a extinción dos valores.

Artigo 44. *Xestión dos dereitos e obrigacións de contido económico asociados aos valores.*

1. O recoñecemento, exercicio, cumprimento e pagamento dos dereitos e obrigacións de contido económico asociados aos valores que corresponda aos titulares inscritos destes realizarase a través dos depositarios centrais de valores e das súas entidades participantes.

2. A entidade emisora dos valores deberá designar unha entidade axente para a xestión dos dereitos e obrigacións a que se refire este artigo. A entidade axente deberá ser unha entidade participante do depositario central de valores.

3. A entidade emisora deberá comunicar, por si mesma ou través da entidade axente, á sociedade reitora dos mercados secundarios oficiais ou dos sistemas multilaterais de negociación en que, pola súa solicitude, estean admitidos a negociación os seus valores, así como ao depositario central de valores encargado do rexistro destes, os detalles dos dereitos ou obrigacións de contido económico que os valores xeren, tan pronto se adoptase o acordo correspondente, de acordo co artigo 36 ter da Lei 24/1988, do 28 de xullo.

4. Os regulamentos internos dos mercados secundarios oficiais ou sistema multilateral de negociación e do depositario central de valores establecerán a forma, o contido e os prazos que deberán respectar as comunicacións a que se refire o punto 3 para que sexa posible realizar a liquidación dos dereitos e obrigacións mencionados.

Artigo 45. *Especialidades no exercicio do dereito de subscripción preferente.*

1. A asignación dos dereitos de subscripción preferente seguirá o procedemento previsto no artigo 44.

2. Para o exercicio dos dereitos de subscripción preferente, con independencia do cadramento final e para o facilitar, o depositario central de valores instrumentará un procedemento dirixido á comprobación, con referencia á data que este fixe dunha sesión

de negociación anterior ás últimas que se deban celebrar dentro do período de subscrición, da posición, compradora ou vendedora, que mantería cada entidade participante como consecuencia da negociación de dereitos de subscrición desenvolvida até ese momento.

3. O depositario central de valores establecerá un sistema de penalización das entidades participantes que ao final do período de subscrición non estean en disposición de entregar a totalidade dos dereitos de subscrición que fosen vendidos por elas ou por aqueles que os teñan inscritos nos seus rexistros.

Artigo 46. *Rexistro interno de préstamos de valores.*

1. Nas operacións de préstamo de valores, as entidades participantes levarán un rexistro interno dos valores obxecto de préstamo, sexa por conta propia ou de clientes.

2. As entidades participantes conciliarán, sempre que o solicite a Comisión Nacional do Mercado de Valores, e ao menos trimestralmente, a vixencia das operacións obxecto de préstamo para garantir a exactitude do saldo vivo de valores prestados e os tomados en préstamo.

Sección 3.^a Aplicación supletoria

Artigo 47. *Instrumentos financeiros, distintos de valores negociables, admitidos a negociación en mercados secundarios oficiais e sistemas multilaterais de negociación.*

1. A xestión dos rexistros contables correspondentes a futuros e opcións e outros instrumentos financeiros derivados admitidos a negociación nun mercado secundario oficial ou nun sistema multilateral de negociación, representados mediante anotacións en conta, rexeráse polas súas disposicións específicas, e resultan aplicables con carácter supletorio as deste real decreto.

2. No caso de futuros e opcións e outros instrumentos financeiros derivados representados mediante anotacións en conta que estean admitidos a negociación exclusivamente nun sistema multilateral de negociación, a xestión do rexistro contable rexeráse polas súas disposicións específicas e, en caso de non existiren, por aquelas aplicables aos mercados secundarios oficiais.

CAPÍTULO III

Rexistro contable de valores non admitidos a negociación en mercados secundarios oficiais nin en sistemas multilaterais de negociación

Sección 1.^a Entidade encargada do rexistro contable

Artigo 48. *Designación da entidade encargada do rexistro contable.*

1. A xestión do rexistro contable de valores non admitidos a negociación en mercados secundarios oficiais ou en sistemas multilaterais de negociación corresponderá á entidade que designe a entidade emisora, que deberá ser unha empresa de servizos de investimento ou entidade de crédito autorizada para realizar a actividade prevista no artigo 63.2.a) da Lei 24/1988, do 28 de xullo, ou un depositario central de valores, de acordo co previsto no artigo 7.2 da referida lei.

2. Será requisito previo ao comezo da xestión do rexistro contable de cada emisión a aceptación da entidade designada e a inscrición da designación no rexistro previsto no artigo 92.a) da Lei 24/1988, do 28 de xullo.

3. No caso de que a entidade encargada do rexistro contable designada sexa un depositario central de valores, o sistema de xestión do rexistro contable seguirá o disposto polo capítulo II do título I.

Artigo 49. *Substitución e renuncia da entidade encargada do rexistro contable.*

1. A entidade emisora poderá transferir o rexistro contable dunha emisión de valores non admitidos a negociación en mercados secundarios oficiais nin en sistemas multilaterais de negociación a unha nova entidade encargada, que será designada conforme o previsto no artigo anterior deste real decreto.

A efectividade da substitución estará condicionada ao traspaso á dita entidade do rexistro contable por parte da entidade encargada substituída. Tal traspaso enténdese producido no momento en que a nova entidade encargada poida asumir plenamente a xestión e se comunique esta circunstancia á Comisión Nacional do Mercado de Valores para a súa incorporación ao rexistro previsto no artigo 92 a) da Lei 24/1988, do 28 de xullo.

Os gastos que orixine este proceso de substitución serán sufragados na forma pactada polas partes e, na súa falta, pola entidade emisora.

2. A entidade encargada do rexistro contable poderá renunciar á súa función e propor á entidade emisora a designación dunha empresa de servizos de investimento ou entidade de crédito das mencionadas no artigo 48, disposta a asumila.

Dentro do mes seguinte á renuncia, a entidade emisora deberá designar unha entidade substituta. En caso de que a entidade emisora non designase substituta, a entidade encargada do rexistro contable será a entidade proposta pola entidade renunciante. En todo caso, a efectividade da substitución quedará condicionada ao traspaso do rexistro contable nos termos do punto anterior.

Os gastos que se orixinen serán neste caso por conta da entidade renunciante, salvo pacto en contrario entre as entidades afectadas pola substitución.

3. As empresas de servizos de investimento e entidades de crédito encargadas de rexistros contables non poderán modificar a súa declaración de actividades suprimindo a actividade comprendida no artigo 63.2.a) da Lei 24/1988, do 28 de xullo, sen que fosen substituídas efectivamente na xestión destes consonte o previsto nos puntos anteriores.

Artigo 50. *Substitución forzosa da entidade encargada do rexistro contable.*

1. A entidade encargada do rexistro contable será substituída cando conorra calquera das seguintes causas:

a) A aparición dalgunha das causas de disolución previstas no artigo 363 do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo.

b) A imposición de sancións que impidan o desenvolvemento do servizo de investimento auxiliar de custodia e administración por conta de clientes dos instrumentos financeiros e, en particular, a revogación da autorización como sanción tal e como se prevé no artigo 102.1.e) da Lei 24/1988, do 28 de xullo, e no artigo 97.1.b) da Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito, ou a suspensión ou limitación do tipo ou volume de actividades como sanción co alcance previsto nos artigos 102.1.b) e 103.1.b) da Lei 24/1988, do 28 de xullo.

c) Cando, sen prexuízo das responsabilidades que procedan, a Comisión Nacional do Mercado de Valores aprecie deficiencias substanciais na xestión dos rexistros contables e determine, logo de audiencia desta, a súa substitución, a cuxo cargo correrán os gastos que se orixinen.

2. A entidade encargada do rexistro contable deberá comunicar á entidade emisora a concorrencia de calquera das circunstancias anteriores.

3. Dentro do mes seguinte á citada comunicación, a entidade emisora deberá designar unha nova entidade encargada do rexistro contable, que deberá cumprir co disposto no artigo 48.

4. Por razóns de urxencia, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá, antes do cumprimento do prazo a que se refire o punto anterior, designar directamente a nova entidade encargada do rexistro contable sen prexuízo de que a entidade emisora poida proceder á súa substitución de acordo co artigo 49. A nova entidade encargada do

registro contable designada pola Comisión Nacional do Mercado de Valores, que poderá ser un depositario central de valores, procederá sen dilación a adoptar cantas medidas sexan precisas para comezar a levar efectivamente o registro contable.

Este procedemento tamén será de aplicación cando non se produza a designación da nova entidade encargada do registro contable dentro do prazo a que se refire o punto anterior.

Sección 2.^a Xestión do registro contable

Artigo 51. Sistema de registro de valores.

1. O registro contable dos valores integrados nunha emisión de valores non admitidos a negociación en mercados secundarios oficiais nin en sistemas multilaterais de negociación reflectirá, en todo momento, o saldo correspondente a cada titular, coas desagregacións que sexan procedentes. En todo caso, serán obxecto de desagregación aqueles que estean afectados por dereitos reais limitados ou outra clase de gravames e aqueles respecto dos cales se expidisen certificados.

2. Os saldos a que se refire o punto anterior expresaranse por medio dun sistema informatizado de referencias numéricas que identificará a entidade emisora, a emisión, o número de valores que cada un deles comprenda e o titular. En caso de desagregación, tales referencias numéricas identificarán tamén o concreto tipo de dereito real limitado ou gravame e o seu titular ou, de ser o caso, cotitulares.

Artigo 52. Comprobación de saldos.

1. As entidades encargadas do registro contable velarán para que en todo momento a suma dos saldos a que se refire o número anterior coincida co número total de valores integrados en cada emisión.

2. Para tal efecto, as entidades encargadas do registro contable establecerán sistemas internos de control e comprobación que comunicarán á Comisión Nacional do Mercado de Valores, con carácter previo á súa aplicación. Esta Comisión Nacional fará, de ser o caso, as observacións que considere convenientes co fin de garantir a eficacia de tales sistemas, observacións cuxo cumprimento será obrigatorio.

Artigo 53. Primeira inscrición dos valores representados por medio de anotacións en conta.

1. A inscrición en favor dos subscritores de valores representados por medio de anotacións en conta practicarase cando a entidade encargada do registro contable:

- a) Teña á súa disposición o documento da emisión a que se refire o artigo 7.
- b) Teña constancia do consentimento ou da existencia das ordes dos subscritores, en virtude de relación que lle proporcione a entidade emisora ou, de ser o caso, a entidade financeira que dirixise a colocación da emisión.

2. A primeira inscrición de valores representados por medio de anotacións en conta resultante da transformación de títulos practicarase de acordo co disposto no artigo 4.

Artigo 54. Inscrición das transmisións.

1. As inscricións derivadas da transmisión de valores practicaranas as entidades encargadas, en canto se presente o documento, en calquera soporte duradeiro, acreditativo do acto ou contrato traslativo.

2. Cando a transmisión se refira á propiedade de valores suxeitos a dereitos reais limitados ou gravames, en canto se practique a inscrición, a entidade encargada deberalla comunicar ao usufrutuario, acredor pignoraticio ou beneficiario do gravame, os cales, sen

prexuízo de que poidan solicitar e obter a expedición dun novo certificado, deberán restituír o que teñan expedido ao seu favor en canto lles sexa notificada a transmisión dos valores.

3. Antes de proceder á inscrición, as entidades deberán exixir sempre a debida acreditación documental da concorrencia dos consentimentos e conservarán durante dez anos copia dos documentos, en calquera soporte duradeiro, acreditativos dos actos, contratos, notificacións e consentimentos mencionados nos puntos anteriores.

4. No suposto de transmisión dunha cota indivisa dos valores, practicarase a súa inscrición a favor dos copropietarios resultantes, con baixa deles na conta do transmitente ou transmitentes.

Artigo 55. *Inscrición de dereitos reais limitados ou outros gravames.*

1. As inscricións derivadas da constitución ou transmisión de dereitos reais limitados ou outros gravames sobre valores representados por medio de anotacións en conta practicaranse de acordo coas regras previstas no artigo anterior.

2. A cancelación de dereitos reais limitados requirirá a constancia do consentimento do seu beneficiario ou a acreditación do feito determinante da súa extinción e, de ser o caso, a restitución dos certificados expedidos.

Artigo 56. *Amortización de valores representados por medio de anotacións en conta.*

1. Nos supostos de redución de capital con amortización de accións, a entidade encargada do rexistro contable dará de baixa os saldos correspondentes en virtude da presentación da escritura de redución debidamente inscrita no Rexistro Mercantil, que será depositada conforme o disposto no artigo 8.

2. Tratándose de amortización por pagamento de obrigacións ou outros valores representativos de débeda, cancelaranse as inscricións desde que se producise o pagamento aos titulares. Cando a entidade encargada non teña intervención directa no pagamento, non practicará tal cancelación até que lle conste o consentimento do titular do valor ou dispoña de documento acreditativo do pagamento expedido por unha entidade financeira.

3. Nos restantes supostos de amortización será precisa a constancia do consentimento do titular ou documento fidedigno do que resulte a extinción dos valores.

TÍTULO II

Compensación e liquidación de valores

CAPÍTULO I

Disposicións comúns aplicables ás entidades de contrapartida central e aos depositarios centrais de valores

Artigo 57. *Estatutos sociais.*

1. Os estatutos sociais das entidades de contrapartida central e dos depositarios centrais de valores e as súas modificacións requirirán a autorización da Comisión Nacional do Mercado de Valores. No caso das entidades de contrapartida central requirirase, ademais, o informe previo do Banco de España.

Non requirirán aprobación as modificacións derivadas do cumprimento de normas legais ou regulamentarias, de resolucións xudiciais ou administrativas, ou as modificacións de escasa relevancia sempre que se elevase, con anterioridade, consulta á CNMV sobre a necesidade de autorización e non o considerase necesario. Estas modificacións deberán ser comunicadas, en todo caso, á Comisión Nacional do Mercado de Valores nun prazo non superior a dous días hábiles desde a adopción do acordo.

2. Os estatutos sociais das entidades de contrapartida central e dos depositarios centrais de valores regularán o seu funcionamento evitando a inclusión de normas ambiguas ou insuficientemente desenvolvidas, e establecerán, en todo caso:

- a) As disposicións necesarias para asegurar o cumprimento da súa normativa específica, recollida no artigo 2.
- b) Os aspectos necesarios para garantir a adecuada realización do seu obxecto social.
- c) A composición dos órganos colexiados da sociedade.
- d) O réxime de adopción de acordos dos órganos colexiados da sociedade, especificando os acordos que precisarán alcanzar maiorías cualificadas para a súa adopción.

Artigo 58. *Consello de administración e alta dirección.*

1. As entidades de contrapartida central e os depositarios centrais de valores contarán cun consello de administración, composto por ao menos cinco membros.

2. As entidades a que se refire o punto anterior contarán con, ao menos, un director xeral.

3. Os nomeamentos dos membros do consello de administración e dos directores xerais ou asimilados deberán ser autorizados previamente pola Comisión Nacional do Mercado de Valores, para os efectos de comprobar o cumprimento do réxime xurídico aplicable e, en particular, que as persoas nomeadas reúnen os requisitos de honorabilidade e experiencia exixidos nos artigos 67.2 f) e 4 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, e de independencia, segundo o disposto no artigo 27 do Regulamento (UE) n.º 648/2012, do 4 de xullo de 2012, e no artigo 27 do Regulamento (UE) n.º 909/2014, do 23 de xullo de 2014.

En caso de existiren, exixiranse tamén estes requisitos ás entidades dominantes, no sentido do artigo 42 do Código de comercio, das entidades de contrapartida central e dos depositarios centrais de valores.

Artigo 59. *Accionistas e socios con participacións significativas.*

Para valorar a idoneidade dos accionistas con participacións significativas, para efectos do cumprimento do disposto no artigo 30.2 do Regulamento (UE) n.º 648/2012, do 4 de xullo de 2012, e 27.6 do Regulamento (UE) n.º 909/2014, do 23 de xullo de 2014, teranse en conta, entre outros, os seguintes factores:

- a) A súa honorabilidade.
- b) Os medios patrimoniais con que contén os ditos accionistas para atender os compromisos asumidos.
- c) O desempeño de actividades non financeiras ou actividades financeiras de alto risco que poidan afectar ou expor inapropiadamente a entidade de contrapartida central ou o depositario central de valores.

Artigo 60. *Réxime económico.*

1. As entidades de contrapartida central e os depositarios centrais de valores deberán cumprir cos requisitos de capital previstos no artigo 16 do Regulamento (UE) n.º 648/2012, do 4 de xullo de 2012, e nas súas normas de desenvolvemento, e no artigo 47 do Regulamento (UE) n.º 909/2014, do 23 de xullo de 2014, e nas súas normas de desenvolvemento, respectivamente.

2. As entidades de contrapartida central e os depositarios centrais de valores deberán manter a Comisión Nacional do Mercado de Valores informada sobre os criterios de determinación da suficiencia dos seus recursos propios, incluíndo o seu grao de liquidez e os mecanismos para a súa realización, de acordo cos riscos que asuman en cada momento.

3. O capital social deberá estar formado por accións nominativas, que estarán integramente subscritas e desembolsadas, e os recursos alleos non superarán en ningún momento o valor contable dos recursos propios.

4. As entidades de contrapartida central e os depositarios centrais de valores actuarán de acordo cos principios de rendibilización dos seus recursos propios e cobertura polos seus usuarios do custo dos servizos prestados, permitindo aos seus clientes acceder por separado aos servizos específicos prestados.

5. As entidades de contrapartida central e os depositarios centrais de valores deberán remitir á Comisión Nacional do Mercado de Valores, antes do 1 de decembro de cada ano, o seu orzamento estimativo anual, no cal se expresarán detalladamente os prezos e as comisións que vaian aplicar, así como as posteriores modificacións que introduzan no seu réxime económico.

Os depositarios centrais de valores deberán detallar por separado prezos e comisións de cada servizo e función de que deriven os seus ingresos, incluídos os descontos e minoracións e as condicións para beneficiarse deles, así como as posteriores modificacións que introduzan nese orzamento, prezos, comisións, descontos e minoracións. No orzamento dos depositarios centrais de valores deberán separar os custos e ingresos dos servizos básicos prestados dos asociados a servizos auxiliares.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá solicitar das entidades de contrapartida central e dos depositarios centrais de valores a oportuna ampliación da documentación e datos en que se basea a fixación dos seus prezos e comisións.

No prazo dun mes desde a recepción completa da documentación, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá establecer excepcións ou limitacións aos prezos máximos deses servizos, nos termos previstos nos artigos 44 bis.5 e 44 ter.4 da Lei 24/1988, do 28 de xullo.

6. As entidades de contrapartida central e os depositarios centrais de valores deberán someter as súas contas anuais á aprobación da xunta xeral de accionistas, logo de auditoría destas nos termos que establece o artigo 86 da Lei 24/1988, do 28 de xullo. O informe de auditoría deberá ser remitido á Comisión Nacional do Mercado de Valores para o seu exame, que poderá dirixir ás entidades de contrapartida central e aos depositarios centrais de valores as recomendacións que coide pertinentes sen prexuízo das demais facultades que lle corresponden de acordo coa lexislación vixente.

Artigo 61. *Auditorías independentes.*

As entidades de contrapartida central e os depositarios centrais de valores informarán á Comisión Nacional do Mercado de Valores dos resultados das auditorías independentes a que deben someterse coa periodicidade que se estableza na normativa aplicable.

CAPÍTULO II

Compensación centralizada

Artigo 62. *Intervención dunha entidade de contrapartida central.*

1. De conformidade cos artigos 31 bis.7 e 125.3 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, será obrigatoria a compensación centralizada por parte dunha entidade de contrapartida central das operacións sobre accións e dereitos de subscripción de accións que sexan realizadas en segmentos de contratación multilateral dos mercados secundarios oficiais e dos sistemas multilaterais de negociación.

2. As entidades de contrapartida central que realicen a actividade prevista no artigo anterior definirán nas súas regras de funcionamento os requisitos que deberán reunir as operacións para o efecto de poder ser aceptadas nos seus procesos.

3. O ministro de Economía e Competitividade poderá establecer a obrigatoriedade da compensación centralizada por parte dunha entidade de contrapartida central en relación con valores negociables distintos dos previstos no punto 1.

Artigo 63. *Procedemento de actuación da entidade de contrapartida central.*

1. Unha vez que a entidade de contrapartida central acepte as operacións, rexistraraas nas súas contas de acordo coas súas propias regras, novará as operacións aceptadas e converterase en comprador para o vendedor e en vendedor para cada comprador, e asignará a posición de compra e de venda de cada operación na correspondente conta aberta segundo a estrutura de contas definida no regulamento e, de ser o caso, nas circulares que o completen para a súa posterior liquidación.

2. A entidade de contrapartida central calculará para cada conta aberta por cada membro as posicións de valores e efectivo en cada sesión de liquidación dando orixe a instrucións de liquidación netas ou brutas, en función dos criterios que teña establecidos e enviará instrucións de liquidación ao depositario central de valores.

3. O depositario central de valores tramitará as instrucións de liquidación de acordo coas súas normas internas de funcionamento.

Artigo 64. *Acceso á condición de membro da entidade de contrapartida central.*

1. As entidades de contrapartida central subscribirán un contrato con cada membro que detallará as relacións xurídicas entre as partes. A condición de membro perderase por renuncia ou por incumprimento, nos termos que prevexa o regulamento interno a que se refire o artigo 44 ter.4 da Lei 24/1988, do 28 de xullo.

2. O regulamento interno a que se refire o artigo 44 ter.4 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, determinará os dereitos e as obrigacións de cada unha das partes que se recollerán no contrato.

3. Os membros deberán contar cos sistemas de control e medios técnicos necesarios para cumprir adecuadamente as funcións que lles corresponden, en especial os que resultan do sistema de información regulado no artigo 44 septies da Lei 24/1988, do 28 de xullo, e do Regulamento (UE) n.º 648/2012, do 4 de xullo de 2012, e as súas normas de desenvolvemento.

Artigo 65. *Sistema de garantías.*

1. Co fin de garantir o cumprimento das súas obrigacións, os membros das entidades de contrapartida central e os seus clientes constituirán as garantías que lles exixa a entidade de contrapartida central, de conformidade co establecido no artigo 44 ter.7 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, no Regulamento (UE) n.º 648/2012, do 4 de xullo de 2012, e nos seus respectivos regulamentos internos.

2. As entidades de contrapartida central aseguraranse de que o dito sistema de garantías sexa eficaz, estea baseado no risco e sexa revisado con regularidade, cubrindo adecuadamente as súas exposicións crediticias fronte aos seus membros.

Artigo 66. *Funcións e facultades de seguimento e control da entidade de contrapartida central.*

1. Sen prexuízo das facultades de supervisión, inspección e sanción que corresponden á Comisión Nacional do Mercado de Valores, de acordo co título VIII da Lei 24/1988, do 28 de xullo, as entidades de contrapartida central deberán velar pola corrección e eficiencia dos procesos de compensación e o control e mitigación do risco de contrapartida.

2. Para iso, as entidades de contrapartida central terán atribuídas funcións de seguimento e control da operativa e dos riscos e garantías dos seus membros, que levarán a cabo de conformidade coa normativa aplicable e cos seus respectivos regulamentos internos.

3. As entidades de contrapartida central elaborarán un manual de procedementos de seguimento e control, que será comunicado á Comisión Nacional do Mercado de Valores e de obrigado cumprimento para os seus membros, en que establecerán os criterios obxectivos que orientarán o seu labor de seguimento e control.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá requirir, de ser o caso, as modificacións que considere convenientes co fin de garantir o cumprimento deste real decreto e demais normativa aplicable.

Este manual de procedementos de seguimento e control será obxecto de revisión cando sexa necesario e, ao menos, unha vez ao ano. Estas revisións serán comunicadas á Comisión Nacional do Mercado de Valores, que adicionalmente será informada anualmente, das cuestións relevantes que se suscitasen como consecuencia da súa aplicación.

4. Así mesmo, para o adecuado cumprimento das funcións de seguimento e control atribuídas neste artigo, as entidades de contrapartida central deberán, con independencia das obrigacións que corresponden aos seus membros:

a) Requirit dos seus membros, nos termos e prazos que se determinen na súa normativa interna, tanta información consideren necesaria para o exercicio das súas funcións supervisoras, así como inspeccionar directamente, nos locais das propias entidades e co seu consentimento, as actividades destas. En caso de falta de consentimento destas entidades, as entidades de contrapartida central comunicaranllo á Comisión Nacional do Mercado de Valores.

b) Instar os seus membros a corrixir nos prazos establecidos na súa normativa interna, ou na súa falta, coa maior brevidade posible, as incidencias de funcionamento, incorreccións da información e incumprimentos normativos detectados nas súas funcións de seguimento e control, sen prexuízo do deber dos propios membros de corrixir por iniciativa propia as ditas incidencias, incorreccións e incumprimentos.

c) Pór en inmediato coñecemento da Comisión Nacional do Mercado de Valores os feitos e as actuacións de que teña coñecemento no exercicio das funcións de seguimento e control, que poidan supor indicios de infracción de normas de obrigado cumprimento ou incumprimento dos principios inspiradores da regulación do mercado de valores.

d) Prestar á Comisión Nacional do Mercado de Valores tanta asistencia solicite nas súas funcións de supervisión, inspección e sanción.

5. As entidades de contrapartida central determinarán, de conformidade co seu regulamento interno, as medidas necesarias que se deberán adoptar en caso de que se produza algún incumprimento por parte dos seus membros, sen prexuízo da responsabilidade administrativa en que estas poidan incurrir. En todo caso, estas medidas deberán incluír a posibilidade de impor aos seus membros especiais obrigacións de información e vixilancia, así como a suspensión total ou parcial da actividade ou a exclusión da actividade.

6. Cando os incumprimentos e medidas correctoras a que se refire o punto anterior poidan afectar a ordenación dos procesos de compensación ou liquidación dos valores, as entidades de contrapartida central deberán comunicalas á Comisión Nacional do Mercado de Valores inmediatamente. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá suspender a súa aplicación ou deixalas sen efecto cando considere que tales medidas infrinxen a lexislación vixente ou prexudican o adecuado desenvolvemento das actividades de compensación e liquidación nos mercados de valores.

CAPÍTULO III

Liquidación de valores

Sección 1.^a Disposicións específicas aplicables aos depositarios centrais de valores

Artigo 67. Entidades participantes.

1. Poderán adquirir a condición de entidade participante nos depositarios centrais de valores as entidades que, cumprindo os requisitos establecidos na normativa aplicable, pertencen a algunha das categorías relacionadas a continuación:

- a) Entidades de crédito.
- b) Empresas de servizos de investimento que estean autorizadas a prestar o servizo de custodia e administración por conta propia ou de clientes de instrumentos financeiros.
- c) O Banco de España.
- d) A Administración xeral do Estado e a Tesouraría Xeral da Seguridade Social.
- e) Aquelas institucións de dereito público e persoas xurídico-privadas cando unha disposición de carácter xeral expresamente as habilite para ser entidade participante nun depositario central de valores.
- f) Outros depositarios centrais de valores autorizados conforme o establecido no Regulamento (UE) n.º 909/2014, do 23 de xullo de 2014.
- g) Entidades de contrapartida central autorizadas ou recoñecidas conforme o establecido no Regulamento (UE) n.º 648/2012, do 4 de xullo de 2012.

2. As entidades participantes poderán solicitar aos depositarios centrais de valores a apertura e mantemento no rexistro central das contas que prevexan necesarias para o adecuado desenvolvemento da súa actividade, conforme a tipoloxía de contas establecida no artigo 32 e sempre que reúnan os requisitos que en cada caso poidan establecer os depositarios centrais de valores no seu regulamento interno.

3. Todas as entidades participantes deberán manter sempre os valores de que sexan titulares nas súas contas propias de valores no rexistro central.

Artigo 68. *Acceso á condición de entidade participante.*

1. Os depositarios centrais de valores subscribirán un contrato con cada entidade participante que detallará as relacións xurídicas entre as partes.

2. Os regulamentos internos dos depositarios centrais de valores a que se refire o artigo 44 bis.3 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, determinarán os dereitos e as obrigacións de cada unha das partes que se recollerán no contrato.

3. As entidades participantes deberán contar cos sistemas de control e medios técnicos necesarios para cumprir adecuadamente as funcións que lles corresponden, en especial os que resultan do sistema de información regulado no artigo 44 septies da Lei 24/1988, do 28 de xullo, e do Regulamento (UE) n.º 909/2014, do 23 de xullo de 2014, e nas súas normas de desenvolvemento.

Artigo 69. *Perda da condición de entidade participante.*

1. A condición de entidade participante perderase polas causas que determine o regulamento interno do depositario central de valores e, en todo caso, pola renuncia á dita condición, que deberá ser aceptada polo depositario central de valores logo de comunicación á Comisión Nacional do Mercado de Valores.

2. Sen prexuízo do establecido no artigo 44 bis.7 e 8 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, os depositarios centrais de valores velarán para que os valores anotados no rexistro central e nas contas do rexistro de detalle a cargo da entidade que perda a condición de entidade participante sexan traspasados a outra entidade participante.

Artigo 70. *Funcións de dirección e administración dos depositarios centrais de valores.*

1. As entidades participantes estarán obrigadas a cumprir o regulamento interno e cantas circulares adopten os depositarios centrais de valores no marco das funcións de liquidación e rexistro que lle atribúen a Lei 24/1988, do 28 de xullo, este real decreto e, o propio regulamento.

2. Cando as circulares a que se refire o punto anterior poidan afectar a ordenación dos procesos de liquidación ou do sistema de xestión e control dos rexistros contables, os depositarios centrais de valores deberán comunicalas á Comisión Nacional do Mercado de Valores e ao Banco de España no prazo máximo de vinte e catro horas desde a súa adopción e publicalas nos boletíns dos mercados secundarios oficiais e sistemas multilaterais de negociación aos cales preste servizo.

3. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá suspender a aplicación das circulares ou deixalas sen efecto cando considere que tales circulares infrinxen a lexislación vixente ou prexudican o adecuado desenvolvemento da liquidación e do rexistro contable de acordo cos principios que, conforme este real decreto, deben inspiralas.

Artigo 71. Funcións consultivas dos depositarios centrais de valores.

Os depositarios centrais de valores asesorarán a Comisión Nacional do Mercado de Valores, por solicitude desta ou mediante elevación de mocións, en todas as materias relacionadas coa liquidación de valores e coa xestión dos rexistros contables.

Artigo 72. Reclamacións.

1. Os depositarios centrais de valores examinarán e darán adecuada contestación a cantas reclamacións reciban en relación co desenvolvemento das súas actividades rexistradas ou de liquidación, así como coa actuación das súas entidades participantes.

2. Sen prexuízo da adopción das medidas precisas para corrixir as irregularidades que a reclamación poida pór de manifesto, na contestación os depositarios centrais de valores pronunciaranse sobre o seu contido e asesorarán o reclamante, de ser o caso, sobre os seus dereitos e as canles legais existentes para o seu exercicio.

3. O procedemento relativo ao tratamento das reclamacións deberá cumprir co establecido no artigo 32.2 do Regulamento (UE) n.º 909/2014, do 23 de xullo de 2014.

Artigo 73. Funcións de seguimento e control dos depositarios centrais de valores.

1. Sen prexuízo das facultades de supervisión, inspección e sanción que corresponden á Comisión Nacional do Mercado de Valores, de conformidade co título VIII da Lei 24/1988, do 28 de xullo, os depositarios centrais de valores velarán pola adecuada xestión dos rexistros contables e a corrección e eficiencia dos procesos de liquidación e, para iso, exercerán funcións de seguimento e control sobre a actividade de rexistro e liquidación das entidades participantes nos seus sistemas.

2. Os depositarios centrais de valores, no exercicio das súas funcións de seguimento e control, deberán, ao menos:

a) Comprobar a correcta xestión do rexistro, nos seus dous chanzos, para salvagardar a correspondencia exacta entre o número total de valores correspondentes a unha mesma emisión e o acreditado nas contas correspondentes, tanto no rexistro central como nos rexistros de detalle. Para iso, os depositarios centrais de valores deberán adoptar, ao menos, as seguintes medidas:

1.º Arqueos periódicos, co obxecto de verificar que o saldo global das contas xerais de terceiros das entidades participantes no rexistro central do depositario central de valores coincide coa suma dos saldos nas contas abertas polos seus clientes nos rexistros de detalle. O manual de seguimento e control a que se refire o punto 3 fixará a periodicidade con que se realizarán estes arqueos.

2.º Arqueos complementarios, co obxecto de verificar que os saldos das contas dos clientes ao final dun día determinado entre dúas datas coinciden con todos os movementos comunicados ao sistema de información previsto no artigo 44 septies da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

b) Controlar e promover a eficiencia e a corrección dos procesos de liquidación, vixiando a efectiva liquidación de todas as operacións, especialmente das que, como consecuencia da compensación, son liquidadas mediante apuntamentos practicados nas contas dos rexistros de detalle que manteñen as entidades participantes. Os depositarios centrais efectuarán un seguimento dos atrasos na liquidación en que incorran as entidades participantes e informarán trimestralmente o consello de administración das incidencias

que se producisen ao respecto, con indicación das entidades involucradas e dos valores a que se refiran esas demoras.

c) Manter un marco eficiente da xestión de riscos derivados da xestión dos sistemas de liquidación.

d) Elaborar pautas ou ratios específicas que teñan en consideración, entre outros aspectos, os niveis mínimos de servizo, as expectativas de xestión de riscos e as prioridades de negocio. Para efectos da súa revisión periódica, os depositarios centrais de valores establecerán os procesos e parámetros de avaliación e fixarán unha frecuencia concreta de revisión.

e) Adoptar medidas concretas de identificación, control, xestión e redución dos riscos operativos a que estean expostos. Os depositarios centrais de valores facilitarán á Comisión Nacional do Mercado de Valores e ao Banco de España información sobre todo risco deste tipo que se detecte, de conformidade co disposto no artigo 45.6 do Regulamento (UE) n.º 909/2014, do 23 de xullo de 2014.

3. Os depositarios centrais de valores elaborarán un manual de procedementos de seguimento e control, que será comunicado á Comisión Nacional do Mercado de Valores e de obrigado cumprimento para as súas entidades participantes, en que establecerán os criterios obxectivos que orientarán o seu labor de seguimento e control.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá requirir, de ser o caso, as modificacións que considere convenientes co fin de garantir o cumprimento deste real decreto e demais normativa aplicable.

Este manual de procedementos de seguimento e control será obxecto de revisión cando sexa necesario e, ao menos, unha vez ao ano. Estas revisións serán comunicadas á Comisión Nacional do Mercado de Valores que, adicionalmente, será informada anualmente das cuestións relevantes que se suscitasen como consecuencia da súa aplicación.

Artigo 74. Facultades de seguimento e control e obrigação de comunicación á Comisión Nacional do Mercado de Valores.

1. Así mesmo, para o adecuado cumprimento das funcións de seguimento e control atribuídas no artigo anterior, os depositarios centrais de valores deberán, con independencia das obrigacións que corresponden ás súas entidades participantes:

a) Requirit das entidades participantes, nos termos e prazos que se determinen na súa normativa interna, canta información consideren necesaria para o exercicio das súas funcións de seguimento e control e inspeccionar directamente, nos locais das propias entidades e co seu consentimento, as actividades destas. En caso de falta do dito consentimento, os depositarios centrais de valores dirixirán comunicación á Comisión Nacional do Mercado de Valores.

b) Instar as entidades participantes a corrixir calquera incidencia de funcionamento, inexactitude e incumprimentos detectados nas súas funcións de seguimento e control, sen prexuízo do deber das propias entidades participantes de corrixiren por iniciativa propia tales incidencias, inexactitudes e incumprimentos.

c) Pór en inmediato coñecemento da Comisión Nacional do Mercado de Valores os feitos e actuacións de que teñan coñecemento no exercicio das funcións que lles son propias e que poidan entrañar infracción de normas de obrigado cumprimento ou desviación dos principios inspiradores da regulación do mercado de valores.

d) Prestar á Comisión Nacional do Mercado de Valores canta asistencia solicite nas súas funcións de supervisión, inspección e sanción. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá requirir aos depositarios centrais de valores canta información sexa precisa para avaliar o cumprimento das súas obrigacións de seguimento e control, así como establecer normas para o desenvolvemento da dita actividade.

2. Os depositarios centrais de valores concretarán, no seu regulamento interno e no manual de procedementos de seguimento e control a que se refire o artigo 73.3, os

supostos e a forma mediante a que desenvolverán os poderes atribuídos nas letras a) e b) do punto anterior.

3. Os depositarios centrais de valores determinarán, de conformidade coa súa regulamentación interna, as medidas necesarias que se deberán adoptar en caso de que por parte das entidades participantes se produza algún incumprimento, sen prexuízo da responsabilidade administrativa en que tales entidades poidan incorrer. Entre outras, estas medidas poderán consistir na imposición ás entidades de especiais deberes de información e vixilancia, a suspensión total ou parcial da actividade ou a exclusión da actividade.

4. Cando os incumprimentos e medidas correctoras a que se refire o punto anterior poidan afectar a ordenación dos procesos de liquidación ou do sistema de xestión do rexistro contable dos valores, os depositarios centrais de valores deberán comunicalas á Comisión Nacional do Mercado de Valores inmediatamente. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá suspender a súa aplicación ou deixalas sen efecto cando considere que tales medidas infrinxen a lexislación vixente ou prexudican o adecuado desenvolvemento das actividades de liquidación e rexistro nos mercados de valores.

5. Os depositarios centrais de valores prestarán, así mesmo, canta colaboración lles sexa solicitada polas sociedades reitoras daqueles mercados secundarios oficiais ou sistemas multilaterais de negociación aos cales presten servizos, en particular, no relativo ás funcións de recepción e difusión de información establecidas na normativa para as sociedades reitoras.

Sección 2.^a Regras xerais sobre liquidación de valores e infraestruturas de mercado

Artigo 75. Liquidación de operacións sobre valores negociables.

1. A liquidación de operacións sobre valores negociables admitidos en mercados secundarios oficiais ou en sistemas multilaterais de negociación constituídos consonte a normativa española efectuaráa un depositario central de valores, coa intervención previa, de ser o caso, dunha entidade de contrapartida central designada por aqueles.

2. Para cumprir co punto anterior, as sociedades reitoras dos mercados secundarios oficiais e dos sistemas multilaterais de negociación subscribirán acordos con, ao menos, un depositario central de valores e, de ser o caso, cunha ou varias entidades de contrapartida central.

3. O disposto no punto anterior enténdese sen prexuízo do dereito das entidades emisoras de designaren a entidade encargada do rexistro contable conforme o artigo 49 do Regulamento (UE) n.º 909/2014, do 23 de xullo de 2014, así como do dereito a designaren o sistema de liquidación de operacións que se lles recoñece aos membros dos mercados de acordo co artigo 44 quinquies da Lei 24/1988, do 28 de xullo.

Artigo 76. Convenios entre infraestruturas.

1. As relacións entre os mercados secundarios oficiais e os sistemas multilaterais de negociación constituídos consonte a normativa española coas entidades de contrapartida central e cos depositarios centrais de valores designados por aqueles regularanse a través dos correspondentes convenios.

2. A subscrición de convenios por parte dos depositarios centrais de valores requirirán a súa oportuna comunicación á Comisión Nacional do Mercado de Valores, salvo no suposto de enlaces interoperables, no sentido do artigo 19 do Regulamento (UE) n.º 909/2014, do 23 de xullo de 2014, caso en que se requirirá autorización por parte da Comisión Nacional do Mercado de Valores, logo de informe do Banco de España.

3. Os convenios que subscriban as entidades de contrapartida central requirirán, de acordo co artigo 44 ter da Lei 24/1988, do 28 de xullo, a aprobación da Comisión Nacional do Mercado de Valores, logo de informe do Banco de España.

Artigo 77. Relacións entre membros e participantes das infraestruturas.

1. Os membros dos mercados secundarios oficiais e dos sistemas multilaterais de negociación constituídos conforme a normativa española deberán designar unha entidade participante no depositario central de valores e, de ser o caso, un membro dunha entidade de contrapartida central, cos cales o mercado ou o sistema subscribíse un convenio para a compensación e liquidación das operacións executadas neles.

Esta designación non será necesaria cando os membros dos mercados ou dos sistemas multilaterais de negociación sexan, pola súa vez, membros da entidade de contrapartida central e participantes no depositario central de valores correspondente. Tampouco será necesario designar unha entidade participante no depositario central de valores se o membro compensador, así considerado de acordo co regulamento interno da entidade de contrapartida central designado, xa reunise tal condición.

2. Os membros compensadores e as entidades participantes actuarán por conta dos membros negociadores e dos seus clientes e realizarán por conta daqueles as actuacións necesarias ante as entidades de contrapartida central e os depositarios centrais de valores para liquidar as operacións contratadas.

3. As relacións que establezan entre si os membros negociadores, compensadores e as entidades participantes nos depositarios centrais de valores regularanse en contratos por escrito.

Os regulamentos dos mercados secundarios oficiais, sistemas multilaterais de negociación, entidades de contrapartida central e depositarios centrais de valores deberán, no ámbito das súas respectivas actividades, regular o contido mínimo obrigatorio destes contratos.

Sección 3.^a Regras aplicables ao procedemento de liquidación de valores negociables

Artigo 78. Principios reitores do sistema de liquidación de operacións.

1. O sistema de liquidación responderá aos principios de entrega contra pagamento, obxectivación da data de liquidación e neutralidade financeira, nos termos indicados nos puntos seguintes.

2. Os depositarios centrais de valores só liquidarán as operacións respecto das cales exista saldo de valores ou efectivo suficiente e dispoñible para iso.

3. As transferencias de valores e efectivo resultantes da liquidación practicaranas ou ordenaranas os depositarios centrais de valores de modo simultáneo.

4. A liquidación correspondente a cada sesión nun mercado secundario oficial ou nun sistema multilateral de negociación terá lugar un número prefixado de días despois, de acordo co establecido no Regulamento (UE) n.º 909/2014, do 23 de xullo de 2014. O sistema de liquidación de valores terá como obxectivo alcanzar a liquidación antes de terminar a xornada da data prevista de liquidación. En todo caso, deberá producirse o peche da conta de liquidación antes do inicio da seguinte sesión.

5. Os cargos e aboamentos nas contas de efectivo derivados das ordes de transferencia de valores e efectivo terán valor do mesmo día.

Artigo 79. Comunicación, aceptación e execución de ordes de transferencia de valores e efectivo.

1. Os depositarios centrais de valores determinarán nos seus regulamentos internos os requisitos que deben conter as ordes de transferencia de valores e efectivo que reciban das súas entidades participantes, co fin de aceptalas e proceder á súa liquidación.

2. En atención ás modalidades de contratación ou á posible intervención dunha entidade de contrapartida central, os depositarios centrais de valores establecerán na súa normativa interna as diversas modalidades de comunicación, aceptación e execución de ordes de transferencia de valores e efectivo.

3. Os depositarios centrais de valores informarán os mercados secundarios oficiais, os sistemas multilaterais de negociación, as entidades de contrapartida central coas cales subscribísen un convenio, e as súas entidades participantes, das operacións liquidadas e, de ser o caso, das incidencias producidas.

Artigo 80. Liquidación de efectivos e valores.

1. A liquidación das operacións que fosen comunicadas a un depositario central de valores por unha entidade de contrapartida central, un mercado secundario oficial, un sistema multilateral de negociación ou polas súas entidades participantes, realizarase na data hábil que se especifique conforme a normativa interna do depositario central de valores.

2. A liquidación das operacións comportará transferencia de valores, transferencia de efectivos ou ambas.

3. O depositario central de valores liquidará os valores mediante o aboamento e correlativo cargo dos valores nas contas do rexistro central e as entidades participantes rexistradoras deberán practicar simultaneamente a anotación correlativa, cando proceda, nas contas dos seus rexistros de detalle.

Artigo 81. Prevención e control de fallos na liquidación polos depositarios centrais de valores.

1. Os depositarios centrais de valores establecerán os mecanismos necesarios para previr e xestionar os posibles incumprimentos na entrega de valores ou no pagamento do efectivo no prazo fixado para a liquidación.

2. Estes mecanismos incluírán procesos de reciclaxe e liquidación parcial das ordes de transferencia e poderán incluír o establecemento dunha pluralidade de ciclos de liquidación, mecanismos para a selección de ordes de transferencia de valores e efectivo que permitan maximizar o número e o importe das operacións liquidadas, así como calquera outro procedemento que, á vista da tipoloxía das operacións e a posible intervención dunha entidade de contrapartida central, se consideren adecuados para cumprir co obxectivo de alcanzar unha maior eficiencia no resultado da liquidación.

3. Os referidos mecanismos axustaranse ao disposto nos artigos 6 e 7 do Regulamento (UE) n.º 909/2014, do 23 de xullo de 2014, e na súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 82. Xestión de fallos na liquidación con intervención dunha entidade de contrapartida central.

1. De conformidade co establecido nas normas europeas e nacionais aplicables, en caso dun incumprimento na liquidación, a entidade de contrapartida central:

a) No caso de falta de pagamento, tomará medidas para proceder á venda dos valores e substituír nas obrigacións de pagamento o comprador falido.

b) No caso de falta de valores, iniciará os procedementos establecidos para a recompra dos valores necesarios no mercado para a súa entrega á parte compradora.

En caso de que esta recompra resulte falida ou non sexa posible nos prazos establecidos, a parte compradora recibirá unha compensación económica en efectivo.

O procedemento para a determinación da operación de compra que resultará indemnizada en efectivo deberase desenvolver no regulamento interno da entidade de contrapartida central.

2. Sen prexuízo do previsto no punto anterior, en caso de insuficiencia de valores, o depositario central de valores poderá articular un procedemento de préstamo de valores, en calidade de axente, á disposición da entidade de contrapartida central e dos seus membros, co obxecto de que poidan cumprir cos seus deberes de entrega de valores.

A entidade de contrapartida central poderá entón tomar valores en préstamo en nome propio por conta do vendedor incumplidor e entregarallos á parte compradora. A vixencia do préstamo non se poderá estender máis alá da data máxima do proceso de recompra estipulada pola normativa europea de forma que se, chegada esta, non se produciu a devolución do préstamo, a entidade de contrapartida central comprará os valores no mercado para a súa devolución ao prestamista.

No caso de que exista un procedemento de préstamo de valores a que se refire este punto, este deberá ser utilizado como primeira medida na xestión de incumprimentos, con anterioridade ao proceso de recompra.

O disposto neste punto enténdese sen prexuízo de que tamén poidan existir outros esquemas de préstamo de valores á marxe do depositario central de valores.

3. Así mesmo, a entidade de contrapartida central establecerá mecanismos que, incluíndo penalizacións pecuniarias, constitúan un factor disuasorio de posibles incumprimentos da liquidación de operacións polos seus membros.

Artigo 83. Xestión de fallos na liquidación sen intervención dunha entidade de contrapartida central.

1. En caso de incumplimento na liquidación das operacións nas cales non interveña unha entidade de contrapartida central, os depositarios centrais de valores procederán conforme o establecido nos artigos 6 e 7 do Regulamento (UE) n.º 909/2014, do 23 de xullo de 2014, e na súa normativa de desenvolvemento.

2. Así mesmo, os depositarios centrais de valores establecerán mecanismos que, incluíndo penalizacións pecuniarias, constitúan un factor disuasorio para as entidades participantes que provoquen fallos na liquidación.

Artigo 84. Xestión de eventos corporativos en caso de atrasos ou incumprimentos na liquidación.

1. De acordo co previsto no artigo 36 ter.3 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, os depositarios centrais de valores realizarán os oportunos axustes en relación coa liquidación de operacións sobre valores que teñan asignado algún dereito ou obrigação cando, por atrasos ou eventuais fallos na liquidación das operacións, os valores non se lles asignasen aos perceptores con dereito a aqueles.

2. Así mesmo, cando interveña no proceso de liquidación, a entidade de contrapartida central poderá realizar os oportunos axustes relativos ás operacións de préstamos de valores a que se refire o artigo 82, con obxecto de compensar o prestamista polos dereitos económicos que lle correspondan conforme as regras preestablecidas pola entidade de contrapartida central.

CAPÍTULO IV

Sistema de información para a supervisión da negociación, compensación, liquidación e rexistro de valores

Artigo 85. Sistema de información para a supervisión da negociación, compensación, liquidación e rexistro de valores.

1. O sistema de información, transmisión e almacenamento de datos previsto polo artigo 44 septies.1 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, aplicable aos valores admitidos a negociación nun mercado secundario oficial ou nun sistema multilateral de negociación será xestionado polo depositario central de valores designado de acordo co artigo 7.3 da referida lei para a xestión do rexistro contable.

2. Os datos que se deban remitir ao sistema de información, transmisión e almacenamento comprenderán todos aqueles que sexan necesarios para o adecuado cumprimento dos obxectivos previstos no artigo 44 septies.3 e, en particular, incluirá a

identificación e o detalle das operacións que se realizasen, os valores concernidos e as titularidades afectadas.

3. As regras de funcionamento do sistema de información, transmisión e almacenamento a que se refire o artigo 44 septies.7 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, serán recollidas no regulamento interno do depositario central de valores que xestione o sistema de información, transmisión e almacenamento e detallarán os datos que se deban remitir ao aludido sistema. En particular, o regulamento establecerá os procedementos oportunos para resolver as incidencias que poidan ter lugar e, en particular, a falta de comunicación dos datos completos a que se refire o punto 2.

Os requisitos e procesos técnicos, administrativos e operativos aplicables ao procesamento deses datos serán detallados na normativa interna do mencionado depositario central de valores.

4. O ministro de Economía e Competitividade ou, mediante a súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, poderá desenvolver o previsto neste capítulo.

Disposición adicional primeira. Obrigacións de información para a adaptación ao novo sistema de compensación, liquidación e rexistro de valores.

1. Os mercados secundarios oficiais e sistemas multilaterais de negociación que na data de entrada en vigor desta norma teñan admitidas a negociación accións a través dos seus sistemas de negociación multilateral, as entidades de contrapartida central designadas por eles e a Sociedade de Sistemas farán pública coordinadamente, a través dos seus sistemas de difusión ordinarios e con suficiente antelación, a data de comezo do novo sistema de compensación, liquidación e rexistro de valores conforme este real decreto.

Igualmente, publicarán os requisitos operativos, técnicos e xurídicos con que deberán contar os seus respectivos membros e entidades participantes para operar conforme o novo sistema, así como os procedementos e prazos para que estes xustifiquen o seu cumprimento ante cada unha das infraestruturas.

2. Antes da data a que se refire o punto 1, os mercados secundarios oficiais de valores, os sistemas multilaterais de negociación e as entidades de contrapartida central designadas por aqueles, así como a Sociedade de Sistemas modificarán a súa normativa interna e os seus procedementos operativos conforme o previsto neste real decreto. Igualmente, proveranse de cantos medios sexan necesarios para a súa implantación. Así mesmo, comprobarán, con anterioridade á data de entrada en funcionamento do novo sistema de compensación, liquidación e rexistro de valores, que os seus membros e entidades participantes reúnen os requisitos establecidos para realizar as tarefas que en cada caso lles corresponden de acordo co disposto neste real decreto e na normativa interna das citadas infraestruturas.

Así mesmo, estas infraestruturas establecerán e publicarán con suficiente antelación as normas transitorias especiais que permitan liquidar as operacións pendentes de liquidación no momento da entrada en vigor deste real decreto.

3. A Sociedade de Sistemas só devolverá as fianzas que as entidades participantes constituísen consonte as normas de funcionamento anteriores tras a entrada en vigor deste real decreto a medida que vaia comprobando a ausencia de obrigacións pendentes conforme a dita normativa por parte das entidades participantes.

4. As entidades participantes e os membros compensadores deberán ofrecer aos seus clientes a posibilidade de elixir entre as opcións de utilización de contas existentes no depositario central de valores e na entidade de contrapartida central. Igualmente, deberán informalos da opción que aplicarán por defecto en caso de que o cliente non manifeste expresamente a súa preferencia. Se as entidades reciben unha orde ou instrución relativa a valores, sen que o cliente optase expresamente por ningunha das opcións ofrecidas, deberán aplicar a que lle comunicasen por defecto ao cliente.

Disposición adicional segunda. *Renda fixa.*

1. As modificacións introducidas por este real decreto non serán de aplicación aos valores de renda fixa admitidos a negociación en mercados secundarios oficiais ou en sistemas multilaterais de negociación, nin á débeda pública negociada no mercado a que se refire o capítulo III do título IV da Lei 24/1988, do 28 de xullo, até a data e nos termos que determine o ministro de Economía e Competitividade.

Até ese momento e para os referidos valores seguirá vixente o Real decreto 116/1992, do 14 de febreiro, sobre representación de valores por medio de anotacións en conta e compensación e liquidación de operacións bolsistas. Agás a súa sección primeira do capítulo II do título I, que quedará derogada e será de aplicación, en substitución dela, a sección primeira do capítulo II do título I deste real decreto.

2. Igualmente, desde a entrada en vigor deste real decreto, o exercicio dos dereitos ou obrigacións asociados aos valores a que se refire o punto 1 rexeranse polo disposto no artigo 44.

Disposición adicional terceira. *Informe de seguimento.*

Antes de que se cumpra un ano desde a entrada en vigor deste real decreto, as entidades de contrapartida central que realicen funcións a que se refire este real decreto e os depositarios centrais de valores que presten servizos en España elaborarán un informe acerca dos problemas que suscitase a súa aplicación, identificando as reformas que, ao seu xuízo, deberían introducirse no seu texto. Este informe será elevado á Comisión Nacional do Mercado de Valores.

Disposición adicional cuarta. *Formato electrónico único dos informes financeiros anuais.*

Con efectos a partir do 1 de xaneiro de 2020, os informes financeiros anuais a que se refire o Real decreto 1362/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, en relación cos requisitos de transparencia relativos á información sobre os emisores cuxos valores estean admitidos a negociación nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado da Unión Europea, elaboraranse nun formato electrónico único para presentar a información, sempre que a Autoridade Europea de Valores e Mercados, establecida polo Regulamento (UE) n.º 1095/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de novembro de 2010, polo que se crea unha Autoridade Europea de Supervisión (Autoridade Europea de Valores e Mercados), efectuese unha análise da relación custo-beneficio.

Disposición adicional quinta. *Préstamo de valores das institucións de investimento colectivo.*

1. As institucións de investimento colectivo poderán ceder en préstamo valores das súas carteiras consonte o disposto no ordinal 7.º da Orde do ministro de Economía e Facenda, do 25 de marzo de 1991, sobre sistema de crédito en operacións bolsistas de contado, ou para os préstamos que, pola súa vez, poidan instrumentar as entidades de contrapartida central e os depositarios centrais de valores para asegurar a entrega na data de liquidación.

2. En ningún momento o valor efectivo total dos valores prestados de acordo co previsto no punto anterior poderá exceder o 50 por 100 do valor efectivo do patrimonio da institución de investimento colectivo.

3. Os préstamos a que se refiren os puntos anteriores desta disposición deberán ser sempre retribuídos a prezos de mercado.

Disposición transitoria primeira. *Adaptación a este real decreto.*

As operacións sobre accións e dereitos de subscripción de accións cuxa negociación se efectuese con anterioridade á data de entrada en vigor deste real decreto liquidaranse e

rexistraranse consonte o sistema previsto con anterioridade á dita data, aínda que se liquiden con posterioridade.

Disposición transitoria segunda. *Vixencia dos certificados expedidos.*

1. Os certificados de lexitimación emitidos con anterioridade á data de entrada en vigor deste real decreto manterán a súa vixencia segundo a normativa que lles resulte de aplicación, entendéndose por non posta a información sobre as referencias de rexistro.

2. Cando a entidade encargada do rexistro contable sexa un depositario central de valores e os valores a que se refire o mencionado certificado pasen a ser anotados noutro tipo de conta das reguladas no artigo 32 deste real decreto da mesma entidade participante, a entidade que expediu o certificado deberá solicitalo e realizar as actuacións necesarias para a expedición dun novo que acredite o saldo anotado na nova conta.

3. Cando a entidade que emitiu o certificado deixe de ser entidade participante no momento da entrada en vigor deste real decreto, a nova entidade participante encargada de rexistro dos valores correspondentes deberá realizar as actuacións necesarias para solicitar, coa colaboración da primeira entidade, a expedición dos certificados que acrediten o saldo de valores bloqueado.

Disposición transitoria terceira. *Elección do Estado membro de orixe para emisores cuxos valores fosen admitidos a negociación antes do 27 de novembro de 2015.*

En relación co punto dous da disposición derradeira segunda, polo que se modifica o artigo 2 do Real decreto 1362/2007, do 19 de outubro, para os emisores cuxos valores xa fosen admitidos a negociación nun mercado secundario oficial español e non comunicasen a súa elección de Estado membro de orixe á autoridade competente de dito Estado, antes do 27 de novembro de 2015, o prazo de tres meses a que se refire o artigo 2.7 do dito real decreto empezará a contar o 27 de novembro de 2015.

Disposición transitoria cuarta. *Notificación de participacións significativas de acordo coas novas obrigacións.*

Aquelas persoas físicas ou xurídicas que sexan suxeitos obrigados a notificar participacións significativas, de conformidade co establecido no Real decreto 1362/2007, do 19 de outubro, na redacción dada por este real decreto, terán un prazo de 15 días, contado desde a súa entrada en vigor, en virtude do disposto na disposición derradeira sétima, para notificar á Comisión Nacional do Mercado de Valores a porcentaxe de dereitos de voto que posúen, de acordo cos modelos de notificación que se aproben para os ditos efectos.

En concreto, deberán notificar:

a) Os suxeitos obrigados que teñan unha proporción de dereitos que, agregados aos dereitos de voto atribuídos aos instrumentos financeiros que posúan, alcance un limiar de notificación.

b) Os suxeitos obrigados que posúan instrumentos financeiros cuxos dereitos de voto atribuídos lles fagan alcanzar ou superar algún limiar de notificación.

Aquelas persoas xurídicas que realizasen comunicacións de dereitos de voto incluíndo as súas posicións en carteira de negociación e en operacións de estabilización disporán dun prazo de 15 días para remitir, de ser o caso, novas comunicacións de dereitos de voto axustadas á nova normativa.

Mentres non se aproben por circular da Comisión Nacional do Mercado de Valores novos modelos de comunicación de participacións significativas, seguiranse aplicando os modelos establecidos na Circular 2/2007, do 19 de decembro, da Comisión Nacional do Mercado de Valores, pola que se aproban os modelos de notificación de participacións significativas, de conselleiros e directivos, de operacións do emisor sobre as súas propias accións e outros modelos.

Disposición transitoria quinta. *Informe sobre pagamentos efectuados ás administracións públicas a que se refire a disposición adicional décima da Lei 22/2015, do 20 de xullo, de auditoría de contas.*

As obrigacións que resulten da consideración do informe sobre pagamentos efectuados ás administracións públicas a que se refire a disposición adicional décima da Lei 22/2015, do 20 de xullo, de auditoría de contas, como información regulada do artigo 2 do Real decreto 1362/2007, do 19 de outubro, só serán exhibibles en relación coas actividades desenvolvidas nos exercicios económicos que empecen a partir do 1 de xaneiro de 2016.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao previsto neste real decreto e, en particular:

- a) O Real decreto 116/1992, do 14 de febreiro, sobre representación de valores por medio de anotacións en conta e compensación e liquidación de operacións bolsistas, sen prexuízo do disposto na disposición adicional segunda respecto da renda fixa.
- b) O Decreto 1506/1967, do 30 de xuño, polo que se aproba o Regulamento das bolsas de comercio.
- c) O artigo primeiro da Orde do 31 de xullo de 1991 sobre cesión de valores en préstamo polas institucións de investimento colectivo e réxime de recursos propios, de información e contable das sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 1310/2005, do 4 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, en materia de admisión a negociación de valores en mercados secundarios oficiais, de ofertas públicas de venda ou subscripción e do folleto exhibible para tales efectos.*

Dáse unha nova redacción ao ordinal 3.º do artigo 4.b) do Real decreto 1310/2005, do 4 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, en materia de admisión a negociación de valores en mercados secundarios oficiais, de ofertas públicas de venda ou subscripción e do folleto exhibible para tales efectos, que queda redactado como segue:

«3.º Para todos os emisores, domiciliados nun Estado que non sexa membro da Unión Europea, de valores non mencionados no ordinal 1.º, o Estado membro de orixe será o Estado membro en que os valores se ofrezan ao público por primeira vez despois do 27 de novembro de 2015 ou no cal se solicite a súa admisión a negociación nun mercado regulado por primeira vez, a elección do emisor, do oferente ou da persoa que solicita a admisión.

No caso de que se producise unha admisión dos ditos valores sen solicitude do emisor e, polo tanto, o Estado membro de orixe quedase determinado sen a súa vontade, ou no caso de que os valores deixen de estar admitidos a negociación nalgún mercado secundario oficial ou mercado regulado no seu Estado membro de orixe, pero se admitan a negociación noutro ou noutros Estados membros, de acordo co establecido no artigo 2 do Real decreto 1362/2007, do 19 de outubro, o dito emisor poderá elixir un Estado membro de orixe diferente, de conformidade co disposto no parágrafo anterior.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 1362/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, en relación cos requisitos de transparencia relativos á información sobre os emisores*

cuxos valores estean admitidos a negociación nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado da Unión Europea.

O Real decreto 1362/2007, do 19 de outubro, queda modificado nos seguintes termos:

Un. Modifícase o punto 2 e introdúcese un novo punto 3 no artigo 1, co seguinte teor literal, e reenuméranse os puntos 3 e 4 como puntos 4 e 5:

«2. A información regulada inclúe:

a) A información periódica regulada nos artigos 35 e 35 bis, da Lei 24/1988, do 28 de xuño, do mercado de valores.

b) A relativa ás participacións significativas e ás operacións dos emisores sobre as súas propias accións nos termos dos artigos 53 e 53 bis da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

c) A relativa ao número total de dereitos de voto e de capital ao termo de cada mes natural durante o cal se producise un incremento ou diminución, como resultado dos cambios do número total de dereitos de voto a que se refire o segundo parágrafo do punto 1 do artigo 53 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, e de acordo co establecido no dito parágrafo.

d) A información relevante a que se refire o artigo 82 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

e) O informe sobre pagamentos efectuados ás administracións públicas a que se refire a disposición adicional décima da Lei 22/2015, do 20 de xullo, de auditoría de contas.

3. Para os efectos deste real decreto terá a consideración de emisor toda persoa física ou xurídica rexida polo dereito público ou privado, incluído un Estado, cuxos valores sexan admitidos a negociación nun mercado secundario oficial ou mercado regulado da Unión Europea.

No caso de certificados admitidos a negociación nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado domiciliado na Unión Europea que representen accións ou bonos, terá a consideración de emisor aquel que emita os valores representados por tales certificados, con independencia de que estes se admitan ou non a negociación nalgún dos mercados anteriormente citados.

Para os efectos deste real decreto, entenderase que as referencias a persoas xurídicas inclúen as asociacións empresariais rexistradas que carezan de personalidade xurídica e os fideicomisos.»

Dous. Dáse unha nova redacción ao artigo 2, nos seguintes termos:

«Artigo 2. *Definición de Estado membro de orixe.*

1. Para os efectos da aplicación deste real decreto, entenderase que España é Estado membro de orixe de acordo coas seguintes regras.

2. Para os emisores ben de accións, ben de valores de débeda cuxo valor nominal unitario sexa inferior a 1000 euros, ou inferior ao seu equivalente en euros na data de emisión cando estivesen denominados en moeda estranxeira, entenderase que España é Estado membro de orixe:

a) Cando os emisores constituídos nun Estado membro da Unión Europea teñan o seu domicilio social en España.

b) Cando o emisor estea constituído nun Estado non membro da Unión Europea e elixise España como Estado membro de orixe, sempre que os seus valores estean admitidos a negociación nun mercado secundario oficial español. Esta elección manterá os seus efectos mentres que o emisor non elixise un novo Estado membro de orixe de conformidade co punto 5 e comunicase a súa elección de conformidade co punto 6 deste artigo.

3. Para os emisores de valores diferentes aos mencionados no punto 2, entenderase que España é Estado membro de orixe cando así o elixa o emisor sempre e cando:

- a) O emisor teña o seu domicilio social en España, ou
- b) Os valores fosen admitidos a negociación nun mercado secundario oficial español.

4. A elección por parte do emisor de España como Estado membro de orixe a que se refire o punto 3 anterior será única e válida durante ao menos tres anos, salvo que:

- a) Os seus valores deixen de estar admitidos a negociación nalgún mercado regulado da Unión Europea, ou
- b) O emisor pase a estar sometido polas disposicións dos puntos 2 ou 5 durante o período de tres anos.

5. Cando os valores dun emisor que elixise España como Estado membro de orixe de acordo cos puntos 2.b) e 3 deixen de admitirse a negociación nalgún mercado secundario oficial español, o emisor poderá elixir como Estado membro de orixe outro Estado membro da Unión Europea, sempre e cando o novo Estado membro de orixe elixido sexa un en que os valores do emisor se admitan a negociación nun mercado regulado ou, para os emisores de valores diferentes aos mencionados no punto 2, o Estado membro en que o emisor teña o seu domicilio social.

6. Os emisores para os cales España sexa o seu Estado membro de orixe de acordo co disposto neste artigo deberán:

- a) Comunicar esta condición á Comisión Nacional do Mercado de Valores, ás autoridades competentes de todos os Estados membros de acollida, e cando proceda, á autoridade competente do Estado membro en que teñan o seu domicilio social, e
- b) Difundir esta condición de acordo co establecido nos artigos 4 e 7.

7. Se nos tres meses posteriores á admisión a negociación nun mercado secundario oficial español, o emisor dos ditos valores non comunicase a elección do seu Estado membro de orixe, en virtude do establecido no punto 2.b) ou no punto 3, entenderase automaticamente que España é Estado membro de orixe.

Se nos supostos a que se refire o parágrafo anterior, ademais de nun mercado secundario oficial español, os valores fosen admitidos a negociación noutros mercados regulados situados ou que operen en máis dun Estado membro, entenderase que España é un dos Estados membros de orixe até que o emisor elixa ulteriormente e comunique un único Estado membro de orixe.»

Tres. Modifícase o artigo 11.2, coa seguinte redacción:

«2. O prazo para publicar e difundir o informe financeiro semestral relativo aos seis primeiros meses do exercicio será, como máximo, de tres meses desde a finalización do semestre do exercicio económico do emisor a que se refira.

O prazo para publicar e difundir o segundo informe financeiro semestral exixible aos emisores cuxas accións estean admitidas a negociación nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado domiciliado na Unión Europea será de dous meses desde a finalización do segundo semestre do exercicio económico do emisor a que se refira.»

Catro. Modifícase o artigo 21, coa seguinte redacción:

«Artigo 21. *Obrigacións dos emisores con domicilio social nun Estado non membro da Unión Europea.*

1. Nos supostos en que, conforme o artigo 2.2.b), España sexa Estado de orixe e o emisor teña o seu domicilio social nun Estado non membro da Unión Europea, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá eximilo do cumprimento dos requisitos relativos ao contido das obrigacións previstas neste título, sempre que a lexislación do Estado onde teña o seu domicilio social exixa requisitos equivalentes a este real decreto ou cando o emisor cumpra coas obrigacións impostas pola lexislación dun terceiro Estado que a Comisión Nacional do Mercado de Valores considere equivalentes á española.

Consideraranse requisitos equivalentes, entre outros, os seguintes:

a) En relación co informe de xestión anual cando, de conformidade coa lexislación do seu país, inclúa ao menos a seguinte información:

1.º Unha descrición obxectiva da evolución e dos resultados dos negocios do emisor e da súa situación, que supoña unha análise equilibrada e exhaustiva, tendo en conta a magnitude e a complexidade da empresa. Describirá, así mesmo, os seus principais riscos e incertezas.

2.º Unha indicación dos feitos relevantes posteriores ao peche contable.

3.º Unha indicación sobre o previsible desenvolvemento futuro do emisor.

b) En relación co informe de xestión intermedio cando, de conformidade coa lexislación do seu país, ademais de exixir contas anuais resumidas, o dito informe inclúa, ao menos, a seguinte información:

1.º Unha descrición sobre a evolución dos negocios durante o período intermedio.

2.º Unha indicación sobre o previsible desenvolvemento do emisor nos próximos seis meses.

3.º Para os emisores de accións, as transaccións importantes con partes vinculadas mencionadas no artigo 15.2, excepto que fosen publicadas e desagregadas como feito relevante.

c) En relación coa declaración intermedia, cando o emisor estea obrigado, de conformidade coa lexislación do seu país, a publicar informes financeiros trimestrais.

d) En relación coa responsabilidade do contido da información financeira anual e semestral, cando a lexislación do seu país de orixe exixa que unha ou varias persoas no seo do emisor asuman a responsabilidade da dita información e, en particular, do seguinte:

1.º A conformidade dos estados financeiros coas normas sobre presentación de informes ou o conxunto de normas de contabilidade aplicables.

2.º A obxectividade da análise da xestión incluída no informe de xestión.

e) En relación coas contas anuais individuais do emisor que non estea obrigado, de conformidade coa lexislación do seu país, á súa elaboración, cando, ao formular as súas contas consolidadas, estea obrigado a incluír a seguinte información:

1.º Para os emisores de accións, os dividendos computados e a capacidade para o seu pagamento.

2.º Para todos os emisores, cando sexa aplicable, os requisitos mínimos de capital, de patrimonio e liquidez.

Para verificar os requisitos de equivalencia, o emisor deberá ser capaz de subministrar información adicional auditada sobre as súas contas individuais relativa ás desagregacións anteriores, a cal estará elaborada de conformidade coa normativa do seu país.

f) En relación coas contas individuais do emisor que non estea obrigado, de conformidade coa lexislación do seu país, a elaborar contas consolidadas, cando as ditas contas individuais se elaboren de conformidade coas normas internacionais de información financeira adoptadas de acordo cos regulamentos da Comisión Europea ou de conformidade con normas contables nacionais que sexan equivalentes a aquelas. De non seren equivalentes, a información contable individual será reformulada e auditada.

2. En todo caso, será necesaria por parte do emisor a divulgación da información de conformidade coas normas do Estado de orixe, así como a súa comunicación á Comisión Nacional do Mercado de Valores, nos termos sinalados neste real decreto.

A información cuberta polos requisitos establecidos no terceiro país estará sometida ao control e rexistro a que se refire o artigo 6 e será obxecto de comunicación e difusión de conformidade cos artigos 4 e 7.

3. A CNMV informará a Autoridade Europea de Valores e Mercados acerca das exencións que conceda de acordo co establecido neste artigo.»

Cinco. Engádesse un segundo parágrafo ao artigo 22 coa seguinte redacción:

«Así mesmo, habilitase a Comisión Nacional do Mercado de Valores para desenvolver as especificacións técnicas relativas á forma en que a información regulada a que se refire este título debe ser remitida ao mecanismo central de almacenamento previsto no artigo 5 deste real decreto.»

Seis. Modifícase a letra c) do artigo 23.1, coa seguinte redacción:

«c) Certificados que representen accións, caso en que o tedor de tales certificados será o titular das accións subxacentes representadas polos certificados.»

Sete. Modifícase o artigo 28, coa seguinte redacción:

«Artigo 28. *Instrumentos financeiros que confiran dereito a adquirir accións xa emitidas que atribúan dereitos de voto ou que teñan un efecto económico similar.*

1. A obrigaçión de notificar aplicarase tamén a toda persoa que posúa, adquira ou transmita, directa ou indirectamente, os instrumentos financeiros seguintes cando a proporción de dereitos de voto alcance, supere ou se reduza por debaixo das porcentaxes establecidas no artigo 23.1:

a) Os instrumentos financeiros que, no momento do seu vencemento, confiran o dereito incondicional ou a facultade discrecional de adquirir, exclusivamente por iniciativa propia do dito tedor e segundo acordo formal, accións xa emitidas que atribúan dereitos de voto dun emisor cuxas accións estean admitidas a negociación nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado domiciliado na Unión Europea.

b) Os instrumentos financeiros que non estean incluídos na letra a) anterior, pero que estean referenciados a accións mencionadas nela e que teñan un efecto económico similar ao dos ditos instrumentos financeiros, con independencia de se dan ou non dereito á súa liquidación mediante entrega física dos valores subxacentes.

Para os efectos deste artigo, consideraranse instrumentos financeiros os valores negociables, os contratos de opcións, futuros, permutas financeiras («swaps»), acordos de tipos de xuro a prazo, os contratos por diferenzas e calquera outro contrato ou acordo de efectos económicos similares que se poida liquidar mediante entrega física dos valores subxacentes ou en efectivo, así como aqueles outros que poida determinar o ministro de Economía e Competitividade e, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores.

Por acordo formal enténdese todo acordo que sexa vinculante segundo a lexislación aplicable.

2. Para efectos do cálculo do número de dereitos de voto, aplicaranse as seguintes regras:

a) O número de dereitos de voto calcularase por referencia á cantidade teórica total de accións subxacentes ao instrumento financeiro, excepto cando o instrumento financeiro prevea exclusivamente a liquidación en efectivo, caso en que o número de dereitos de voto se calculará mediante un método axustado pola delta (sensibilidade do prezo do instrumento ao prezo do valor subxacente), multiplicando o número de accións subxacentes pola delta do instrumento.

b) O tedor do instrumento financeiro agregará e notificará todos os instrumentos financeiros definidos no punto anterior referidos ao mesmo emisor do subxacente.

c) Só se terán en conta para o cálculo dos dereitos de voto as posicións longas que non se poderán compensar con posicións curtas relacionadas co mesmo emisor subxacente.

3. A notificación requirida incluírá a seguinte información:

- a) A situación resultante en canto a dereitos de voto,
- b) Se procede, a cadea de empresas controladas a través das cales se posúan efectivamente instrumentos financeiros,
- c) A data en que se alcanzase ou traspasase o limiar,
- d) No caso dos instrumentos cun prazo de exercicio, unha indicación, de ser o caso, da data ou o prazo en que as accións se adquiriran ou se poderán adquirir,
- e) A data de vencemento ou expiración do instrumento,
- f) A identidade do tedor, e
- g) O nome do emisor do subxacente.

Para os efectos do disposto na letra a), a porcentaxe de dereitos de voto calcularase sobre a base do número total de dereitos de voto e o capital correspondente, de acordo coa publicación máis recente efectuada polo emisor e publicada na páxina web da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

4. A notificación requirida expresará separadamente a desagregación dos instrumentos financeiros que se posúan de conformidade co punto 1.a), daqueles que se posúan de conformidade co punto 1.b), distinguindo, pola súa vez nestes últimos, entre os que dean dereito a liquidación mediante entrega física dos valores subxacentes e os que dean dereito a liquidación en efectivo.

5. A notificación remitirase tanto á Comisión Nacional do Mercado de Valores como ao emisor do subxacente do instrumento financeiro.

Se un instrumento financeiro ten máis dun subxacente, o suxeito obrigado a remitir notificación deberá considerar de forma separada o instrumento financeiro á hora de elaborar a notificación e presentar unha notificación separada por cada emisor das accións subxacentes.

6. As excepcións previstas no artigo 33.1 a 4 e nos artigos 25 e 26 aplicaranse, coas adaptacións necesarias, aos requisitos de notificación establecidos neste artigo.

7. Os cálculos a que se refire este artigo realizaranse conforme o disposto polo Regulamento delegado (UE) 2015/761, do 17 de decembro de 2014.»

Oito. Créase un novo artigo 28 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 28 bis. *Notificación das posicións agregadas de dereitos de voto.*

1. A obrigação de notificación aplicarase tamén a toda persoa que, directa ou indirectamente, posúa, adquira, transmita ou teña a posibilidade de exercer os dereitos de voto asociados ou atribuídos polas accións e outros instrumentos financeiros referidos nos artigos 23, 24 e 28, cando a proporción de dereitos de voto agregada, alcance, supere ou se reduza por debaixo das porcentaxes establecidas no artigo 23.1.

2. A notificación exigida neste artigo incluírá a desagregación do número de dereitos de voto asociados a accións que se posúan de conformidade cos artigos 23 e 24 e o número de dereitos de voto a que se refire o artigo 28.

3. Os dereitos de voto que xa fosen notificados de conformidade co artigo 28 notificaranse de novo cando a persoa física ou xurídica adquirise as accións subxacentes e, como resultado desa adquisición, o número total de dereitos de voto asociados ás accións emitidas polo mesmo emisor alcance ou exceda os limiares establecidos no artigo 23.1.»

Nove. Introdúcense tres novos puntos 4, 5 e 6 no artigo 33, pasando o actual punto 4 a ser o novo punto 7:

«4. Aos dereitos de voto mantidos na carteira de negociación, segundo se define no artigo 4.1.86) do Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, sobre os requisitos prudenciais das entidades de crédito e das empresas de investimento, e polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 648/2012, do 4 de xullo de 2012, sempre que:

a) Os dereitos de voto mantidos na carteira de negociación non superen o 5 por cento, e

b) Os dereitos de voto asociados ás accións mantidas na carteira de negociación non sexan exercidos nin utilizados doutro modo para intervir na xestión do emisor.

5. Aos dereitos de voto asociados a accións adquiridas con fins de estabilización, de conformidade co Regulamento (CE) n.º 2273/2003 da Comisión, do 22 de decembro de 2003, polo que se aplica a Directiva 2003/6/CE do Parlamento Europeo e do Consello, no que se refire ás exencións para os programas de recompra e a estabilización de instrumentos financeiros, sempre que os dereitos de voto asociados ás ditas accións non se exerzan ou se utilicen doutro modo para intervir na xestión do emisor.

6. O cálculo das porcentaxes dos puntos 3 e 4 deste artigo realizarase conforme o disposto polo Regulamento delegado (UE) 2015/761 da Comisión, do 17 de decembro de 2014, polo que se completa a Directiva 2004/109/CE do Parlamento Europeo e do Consello, no que atinxe a determinadas normas técnicas de regulación sobre participacións importantes.»

Dez. Dáse unha nova redacción ao punto 1 do artigo 35, nos seguintes termos:

«1. A notificación ao emisor e á Comisión Nacional do Mercado de Valores farase o antes posible e, como máis tarde, no prazo máximo de catro días hábiles bolsistas despois da data en que a persoa obrigada coñecese ou debese ter coñecido a circunstancia que dá orixe á obrigação de notificación de acordo coas regras seguintes deste artigo.

Para os efectos deste punto, entenderase que os suxeitos obrigados a comunicar deberían ter coñecido a adquisición, a cesión ou a posibilidade de exercer os dereitos de voto dentro dos dous días hábiles bolsistas seguintes á

transacción, independentemente da data en que produza efecto a adquisición, cesión ou posibilidade de exercicio dos dereitos de voto.»

Once. Dáse unha nova redacción ao punto 8 do artigo 35, nos seguintes termos:

«8. Os prazos de notificación anteriormente sinalados tamén se aplicarán ás operacións realizadas sobre instrumentos financeiros a que se refire o artigo 28.1 e á obrigañón de notificar as posicións agregadas de dereitos de voto a que se refire o artigo 28 bis.»

Doce. Engádesse un novo punto 6 ao artigo 44, coa seguinte redacción:

«6. En todo caso, será necesaria por parte do emisor a divulgación da información de conformidade coas normas do Estado de orixe, así como a súa comunicación, nos termos sinalados neste real decreto á Comisión Nacional do Mercado de Valores.

A información cuberta polos requisitos establecidos no terceiro país estará sometida ao control e rexistro a que se refire o artigo 6 e será obxecto de comunicación e difusión de conformidade cos artigos 37, 38 e 42.»

Disposición derradeira terceira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1, regras 6.^a, 11.^a e 13.^a, da Constitución española, que atribúen ao Estado a competencia sobre lexislación mercantil e procesual, bases da ordenación de crédito, banca e seguros, e bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, respectivamente.

Disposición derradeira cuarta. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpórase parcialmente ao dereito español a Directiva 2013/50/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de outubro de 2013, pola que se modifican a Directiva 2004/109/CE do Parlamento Europeo e do Consello, sobre a harmonización dos requisitos de transparencia relativos á información sobre os emisores cuxos valores se admiten a negociación nun mercado regulado, a Directiva 2003/71/CE do Parlamento Europeo e do Consello, sobre o folleto que se debe publicar en caso de oferta pública ou admisión a cotización de valores, e a Directiva 2007/14/CE da Comisión, pola que se establecen disposicións de aplicación de determinadas prescricións da Directiva 2004/109/CE.

Disposición derradeira quinta. *Facultade de desenvolvemento.*

O ministro de Economía e Competitividade ou, coa súa habilitación, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá ditar as disposicións precisas para a execución e o desenvolvemento do previsto neste real decreto.

Disposición derradeira sexta. *Aplicación doutras normas.*

1. De conformidade co establecido na disposición transitoria sexta da Lei 11/2015, do 18 de xuño, de recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento, o punto 3 do artigo 53 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, segundo a redacción efectuada polo punto seis, letra B) da disposición derradeira primeira da Lei 11/2015, será de aplicación a partir da data establecida no punto 4 da disposición derradeira sétima deste real decreto.

2. De conformidade co disposto na disposición transitoria sétima da Lei 11/2015, do 18 de xuño:

a) As modificacións introducidas polos puntos catro a oito, doce, trece, quince, vinte e un, vinte e dous e vinte e nove da letra A) da disposición derradeira primeira serán de

aplicación a partir da data establecida no punto 1 da disposición derradeira sétima deste real decreto. Non obstante, as modificacións do punto doce non serán de aplicación aos valores de renda fixa admitidos a negociación en mercados secundarios oficiais.

b) A nova redacción do artigo 44 bis da Lei 24/1988, do 28 de xullo, dada polo punto dez da referida disposición derradeira será de aplicación o día seguinte ao da publicación deste real decreto no Boletín Oficial del Estado, sen prexuízo de que, de acordo co punto 2 da disposición transitoria sétima da Lei 11/2015, do 18 de xuño, a disposición adicional décimo sétima da Lei 24/1988, do 28 de xullo, e o artigo 69.4 do Regulamento (UE) n.º 909/2014, do 23 de xullo de 2014, a Sociedade de Xestión dos Sistemas de Rexistro, Compensación e Liquidación de Valores seguirá estando autorizada como depositario central de valores conforme a normativa nacional até que non reciba a autorización en virtude do mencionado Regulamento (UE) n.º 909/2014, do 23 de xullo de 2014.

Disposición derradeira sétima. *Entrada en vigor.*

1. O presente real decreto entrará en vigor o 3 de febreiro de 2016.
2. O artigo 76, a disposición adicional terceira, a disposición transitoria cuarta, a disposición derradeira primeira e os puntos un, dous, catro a seis e doce da disposición derradeira segunda entrarán en vigor o día seguinte ao da publicación deste real decreto no «Boletín Oficial del Estado».
3. O punto tres da disposición derradeira segunda deste real decreto entrará en vigor o 20 de decembro de 2015.
4. Os puntos sete a once da disposición derradeira segunda entrarán en vigor o 27 de novembro de 2015.

Dado en Madrid o 2 de outubro de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Economía e Competitividade,
LUIS DE GUINDOS JURADO